

COMARCA DE ORDES

PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

**Gabinete de Planificación e Desenvolvemento
Territorial. Presidencia**

**XUNTA DE GALICIA
1993**

EQUIPO REALIZADOR

DIRECCIÓN

Andrés Precedo Ledo, catedrático de Xeografía Humana e director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.

COORDINACIÓN

José M^º López Vizoso. Prof. de Xeografía.
José Luis López Cousillas. Arquitecto-Urbanista.
José Figueroa Davila. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

COLABORADORES CIENTÍFICOS E ASESORAMIENTO TÉCNICO

Antonio Vázquez Barquero. Catedrático de Economía Aplicada.
Felipe Macías Vázquez. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.
Juan Ramón Vidal Romani. Catedrático de Xeodinámica Externa.
Rosa Calvo de Anta. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Análise Socioeconómico

Montserrat Villarino Pérez. Prof. titular de Xeografía.
Pablo García Pita. Xeógrafo.
Antonio Doval Adán. Xeógrafo.

Recursos do Territorio

Román Montesinos López. Catedrático de Paleontoloxía.
Antonio Martínez Cortizas. Prof. titular de Edafoloxía e Química Agrícola.
Juan Loureiro Grandal. Xeólogo.
Adolfo Cano Guervós. Biólogo.
Jorge Yepes Temiño. Xeólogo.
Matilde Urrutia Mera. Bióloga.

SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

Manuel Gallego Priego. Enxeñeiro Técnico Topógrafo.

BASE DE DATOS E INFORMATIZACIÓN

José Angel Veiga Abeledo
Ramón Huidobro Vega
Eugenio Caeiro González

DELINEACIÓN E CARTOGRAFÍA

Antonio Maneiro Vila
Jorge Calenti Arribe
Rafael Ballester Medina
M^º Victoria Magdalena Vidal
Fernando García Pazos

PRIMEIRA PARTE

ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

1.- INTEGRACIÓN FUNCIONAL DA COMARCA

Todo espacio comarcal está integrado por un conxunto de municipios contiguos entre os cales existen fortes relacións internas, que dan como resultado a integración do espacio cunha estrutura comarcal. Por iso, o primeiro paso foi establece-los límites territoriais da comarca. Realizouse para iso un estudio previo, desenvolvido en dúas fases.

a) A primeira consistiu na elaboración dunha proposta obxectiva de pertenza de cada municipio á comarca.

b) A segunda recolleu o sentir dos concellos, a partir da análise da enquisa realizada ó efecto: o Cuestionario de Recoñecemento Territorial, o que se completou con entrevistas persoais ós representantes dos poderes locais.

1.1.- PRIMEIRA FASE: PROPOSTA OBXECTIVA

Establecéronse catro niveis teóricos de integración de cada municipio na Comarca, tendo en conta, en primeiro lugar, as clasificacións obxectivas realizadas (A) e “o senso de pertenza” (B).

A) En total consideráronse nove propostas de comarcalización, a partires da aplicación dos

principais modelos teóricos de rexionalización. Os tipos de comarca seleccionados foron os seguintes:

- Estudio para a definición de Comarcas administrativas.
- Partidos xudiciais.
- Comarcas agrarias.
- Comarcas educativas.
- Comarcas segundo os antigos Consellos Económicos Sociais.
- Comarcas xeográficas.
- Comarcas funcionais de áreas de mercado.
- Comarcas funcionais polarizadas.
- Comarcas funcionais segundo análise multivariada.

B) A elas engadiuse -por consideralo primordial- o “sentido de pertenza”, manifestado por cada municipio no Cuestionario de Recoñecemento Territorial, onde se preguntaba sobre o grao de atracción e o sentimento de formar parte dunha determinada comarca.

Coa combinación de ambos factores determináronse os seguintes niveis teóricos de adscripción:

1.- Núcleo Comarcal Consolidado: é o conxunto territorial formado polos municipios con maior densidade de interrelacións e, polo tanto, máis cohesionados. Desde o punto de vista analítico, configuran a área básica ou núcleo consolidado.

2.- Municipios con forte inserción: son aqueles que, aínda tendo unha máxima relación co núcleo comarcal consolidado, manteñen vinculacións funcionais parciais con outras áreas próximas ou conforman en si mesmos unha sub-área funcional.

3.- Municipios con inserción débil: a pesar da súa indubidable vinculación, teñen relacións frecuentes con outras comarcas veciñas. Son por esta circunstancia, os que presentan unha maior complexidade á hora de trazar uns límites claros e definidos. En definitiva, constitúen áreas de indefinición.

4.- Municipios vinculados: son aqueles que manteñen vinculacións sectoriais coa Comarca, aínda que pertencen a outra distinta.

A aplicación desta clasificación á Comarca de Ordes determinou os seguintes graos de integración, expresados mediante os que denominamos "coeficientes de adscripción", e que son índices sintéticos que recollen toda a información previamente detallada. Dito índice varía entre 0 e 1, en función do grao de integración funcional resultante.

Núcleo Comarcal Consolidado

MUNICIPIOS	Coeficiente de vinculacións funcionais
ORDES.....	1
MESÍA.....	1
TORDOIA.....	1
FRADES	1
OROSO.....	1

Municipios con forte inserción

MUNICIPIOS	Coeficiente de integración
TRAZO.....	0,88

Municipios con inserción débil

MUNICIPIOS	Coeficiente de vinculacións funcionais
CERCEDA.....	0,38
VAL DO DUBRA	0,25

Os cinco municipios nos que o coeficiente de vinculacións funcionais é igual á unidade, conforman o Núcleo Comarcal Consolidado, debido a que en tódalas análises realizadas aparecían formando a Comarca de Ordes.

No caso de Trazo, a cohesión intracomarcal é elevada, aínda que a posición excéntrica fai que as relacións se debiliten, nalgún dos aspectos considerados.

Por último, Cerceda e Val do Dubra constitúen áreas de indefinición, debido ás frecuentes vinculacións con centros de orde superior (A Coruña e Santiago, respectivamente)

1.2.-SEGUNDA FASE

Remitida a proposta obxectiva anterior ós municipios, o nivel de aceptación da mesma foi xeral en todos eles.

Non obstante, analizado o Cuestionario de Recoñecemento Territorial, o municipio de Oroso amosa fortes vinculacións con Santiago, debido á súa proximidade e á súa situación nas vías de comunicación. Os municipios de Cer-



MAPA 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA COMARCA ESTUDIADA, DENTRO DO TERRITORIO GALEGO

ceda e Val do Dubra forman unha área de indefinición con vinculacións estreitas coa Coruña e con Santiago, respectivamente.

Sen embargo, tódolos municipios reseñados forman parte da Mancomunidade de Ordes, que ten como finalidade a prestación de servizos coma: recollida de lixo, asistencia social e servizos contra incendios.

Esta situación foi tratada nunha reunión posterior, á que asistiron os membros da Mancomunidade, para adoptar unha postura final. Despois de estudar, con detalle, as vantaxes e desvantaxes dunha ou outra posibilidade, tódolos municipios da Mancomunidade estiveron de acordo en que de modo preferente formaban parte da Comarca de Ordes, para esta denominación propúxose tamén a denominación histórica de Comarca de Trastámara.

Dedúcese, polo tanto, que internamente a Comarca forma unha unidade ben cohesionada. Nun contexto máis amplo, sitúase na área de indiferencia entre A Coruña e Santiago. A relación, en conxunto, é máis intensa e diversificada coa segunda cidade, ó funcionar coma cabeceira dunha extensa área rural circundante. Sen embargo, A Coruña aparece hoxe presente, e cada vez con maior intensidade, en virtude dunha serie de factores coma: a localización de grandes centros comerciais; relacións de traballo (sobre todo pola central térmica de Meirama, en Cerceda) e a maior


mobilidade da poboación (mellora das estradas e do nivel de vida, coche propio, etc.)

Nun terceiro lugar, tamén se observa unha certa relación con Carballo, o que afecta, sobre todo, a sectores dos municipios occidentais: Tordoia, Cerceda, e Val do Dubra.

1.3.- DELIMITACIÓN FINAL

Como resultado final do proceso que se detallou en páxinas anteriores, a Comarca de Ordes queda constituída polos municipios que se numeran a continuación, seguindo a orde alfabética:

CERCEDA
 FRADES
 MESÍA
 ORDES
 OROSO
 TORDOIA
 TRAZO
 VAL DO DUBRA



MAPA 2. LÍMITES MUNICIPAIS

2.- ENCADRE TERRITORIAL

A Comarca de Ordes está situada no Noroeste de Galicia, nunha posición central con respecto á provincia da Coruña. O Eixe Atlántico de comunicacións (estrada, autoestrada e ferrocarril), que enlaza as áreas económicas máis activas de Galicia, atravesa a Comarca de Norte a Sur.

Os límites administrativos acoutan unha superficie de 871,14 Km² e configuran un espazo dotado de grande unidade dende o punto de vista físico. A Comarca queda así formada polos municipios de Cerceda (119,4 Km²), Frades (81,7 Km²), Mesia (106,0 Km²), Ordes (158,0 Km²), Oroso (72,0 Km²), Tordoia (126 Km²), Trazo (100,0 Km²) e Val do Dubra (108,0 Km²).

Desde o punto de vista xeográfico, a área obxecto de estudo inscribese na chamada Penillanura Galega, superficie de forma amesetada tan só interrompida por pequenas formas de relevo e claramente delimitada por escarpes no seu descenso cara os vales que se abren en dirección á costa. Cara o Oeste vese interrompida por un accidente tectónico - a chamada fosa meridiana - na que se inscribe o val do Río Dubra. No límite noroccidental esténdese a Serra de Montemaior (400-600 m.), que serve de divisoria coa Comarca de Bergantiños. No

extremo oriental, os Montes de Tieira (Mesia) acadan os 546 m. (Monte Picoi). Ambas serras teñen escasa desnivelación relativa, pola súa pouca altitude en relación coa media da área central (arredor dos 300 m.). O límite meridional está formado polo val do Río Tambre, que funciona coma un límite físico, agás nos pasos das vías de comunicación.


Outro marco referencial importante constitúe a articulación do espazo comarcal en torno ás principais estradas, como antes se sinalou. Entre elas destacan de modo preferente a Nacional 550 (A Coruña- Tui) e a Autoestrada do Atlántico, que cruzan a Comarca en dirección Norte-Sur, cruzándose no núcleo de Sigüeiro (Oroso), onde se forma un nodo viario importante. Ambas son vías de primeira orde nas comunicacións da Galicia occidental, xa que unen as dúas áreas demográficas e económicas máis importantes (A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo), e sobre todo no caso da Autoestrada, de vital importancia nas comunicacións exteriores.

Arredor da N-550 aséntanse grande parte dos núcleos de maior volume demográfico da Comarca. Sen embargo, non cabe falar da configuración dun verdadeiro eixe de crecemento


demográfico e económico, xa que estas características unicamente se constatan de forma puntual en núcleos coma Ordes e Sigüeiro, coincidindo coas maiores vantaxes de accesibilidade: conexión directa á Autoestrada do Atlántico en Sigüeiro e cruce de estradas transversais en Ordes.

A esta estrada hai que engadir, nun nivel secundario, outras que teñen unha grande importancia para a Comarca. A N-544 que atravesa o extremo sudoriental da Comarca (municipios de Frades e Mesía) e que a comunica coa estrada


Radial VI e co Norte de Lugo e Asturias. Esta complementase coa vía Ordes-Lanzá, de grande importancia como acceso desde o centro da Comarca cara o nordeste de Galicia. A estrada Carballo- Santiago, que discorre polo Val do Dubra, en dirección Norte-sur, e nas súas marxes sitúase Bembibre, un dos principais núcleos da comarca. As vías Ordes-Carballo e A Coruña-Muros constitúen importantes conexións cara a zona occidental da provincia. Ordes-Pontecarreira é o enlace cara Arzúa, e Sigüeiro-Lavacolla a conexión co aeroporto.



MAPA 3



ASENTAMENTOS PRINCIPAIS E VÍAS DE COMUNICACIÓN



MAPA 4

3.- OS RECURSOS HUMANOS

3.1.- INTRODUCCIÓN

A Comarca de Ordes conta, segundo datos do último Censo de Poboación (1991), con 41.582 habitantes (poboac. de feito) e a tendencia dos últimos vinte anos sinala unha perda paulatina de poboación, só en parte compensada pola vantaxe que supón a súa concentración nalgúns núcleos, coma o de Ordes e Sigüeiro.

De tódolos xeitos, o seu actual volume de poboación concédelle unha base demográfica aceptable para o desenvolvemento socioeconómico e a localización de servizos comarcais.

3.2.- A POBOACIÓN COMARCAL

Neste apartado analízanse as características da poboación comarcal, tanto desde o punto de vista da súa distribución espacial, coma nos aspectos referentes á súa estrutura, co fin de establecer a situación básica dos recursos humanos.

3.2.1.- DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

A distribución da poboación no territorio está máis en función dos aspectos humanos

que dos físicos. Efectivamente, a topografía ou as características climáticas -por citar algún dos rasgos medioambientais- non teñen grandes diferencias no espazo comarcal, sendo a accesibilidade ou localización de determinadas actividades económicas os factores que dirixen o crecemento dos núcleos demográficos.

Se tomamos ó municipio coma unidade de análise, vemos como o de Ordes engloba a maior parte da poboación comarcal (27,58 %, en 1991) cunha clara tendencia ó aumento da concentración (en 1970, supoñía o 21,34 % da poboación comarcal). No sector noroeste, a actividade económica de Cerceda e a proximidade a Carballo e a súa área fan que os municipios ali situados teñan tamén un peso demográfico considerable (12,8 % en Cerceda e 12,8 % en Tordoia), aínda que a menor nivel que Ordes. Cara o Este, a Comarca participa das características demográficas da Galicia interior (nin Frades nin Mesía chegan ó 9% da poboación comarcal) e cara o sur, a influencia de Santiago non é aínda tan intensa coma para xerar un incremento das poboacións municipais (hai que ter en conta que o núcleo de Santiago está ó sur dun municipio moi extenso) que engloba a menos do 11 % da poboación comarcal.



NUCLEO DE ORDES; PRESÉNTASE COMO O MAIOR CENTRO DE CRECIMENTO DE TODA A COMARCA


CADRO 1. POBOACIÓNS DE FEITO DOS MUNICIPIOS

MUNICIPIOS	POBOACIÓN FEITO 70	POBOACIÓN FEITO 75	POBOACIÓN FEITO 81	POBOACIÓN FEITO 86	POBOACIÓN FEITO 91
CERDEDA	7.502	7.205	7.003	6.478	5.335
FRADES	4.167	4.021	3.649	3.546	3.291
MESÍA	5.167	4.765	4.278	4.016	3.623
ORDES	9.855	10.109	11.095	11.676	11.467
OROSO	3.810	4.033	3.612	3.847	3.761
TORDOIA	5.727	5.816	5.267	5.181	5.350
TRAZO	4.532	4.814	4.363	4.040	3.796
VAL DO DUBRA	5.423	6.199	5.654	5.335	4.959
TOTAL	46.183	46.962	44.921	44.119	41.582
TOTAL COMARCAL	46.183	46.962	44.921	44.119	41.582
TOTAL PROVINCIAL	1.004.188	1.042.880	1.083.415	1.102.376	1.089.896
TOTAL REXIONAL	2.583.674	2.687.477	2.753.836	2.785.394	2.696.398

CADRO 2. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO DA POBOACIÓN 1970 = 100

MUNICIPIOS	ÍNDICE 1970-75	ÍNDICE 1970-81	ÍNDICE 1970-86	ÍNDICE 1970-91
CERDEDA	96,04	93,35	86,35	71,11
FRADES	96,50	87,57	85,10	78,98
MESIA	92,22	82,79	77,72	70,12
ORDES	102,58	112,58	118,48	116,36
OROSO	105,85	94,80	100,97	98,71
TORDOIA	101,55	91,97	90,47	93,42
TRAZO	106,22	96,27	89,14	83,76
VAL DO DUBRA	114,31	104,26	98,38	91,44
TOTAL	101,69	97,27	95,53	90,04
TOTAL COMARCAL	101,69	97,27	95,53	90,04
TOTAL PROVINCIAL	103,85	107,89	109,78	108,54
TOTAL REXIONAL	104,02	106,59	107,81	104,36


GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN COMPARADA DA POBOACIÓN, COMARCA DE ORDES



CADRO 3. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO INTERANUAL DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	%EVOLUCIÓN 1970-75	%EVOLUCIÓN 1975-81	%EVOLUCIÓN 1981-86	%EVOLUCIÓN 1986-91
CERDEDA	-3,96	-2,80	-7,50	-17,67
FRADES	-3,50	-9,25	-2,82	-7,19
MESÍA	-7,78	-10,22	-6,12	-9,79
ORDES	2,58	9,75	5,24	-1,79
OROSO	5,85	-10,44	6,51	-2,24
TORDOIA	1,55	-9,44	-1,63	3,26
TRAZO	6,22	-9,37	-7,40	-6,04
VAL DO DUBRA	14,31	-8,79	-5,64	-7,05
TOTAL	1,69	-4,35	-1,79	-5,75
TOTAL COMARCAL	1,69	-4,35	-1,79	-5,75
TOTAL PROVINCIAL	3,85	3,89	1,75	-1,13
TOTAL REXIONAL	4,02	2,47	1,15	-3,20


GRAFICO 2. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA COMARCA DE ORDES



CADRO 4. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR MUNICIPIOS


MUNICIPIOS	% POBOACIÓN 1970	% POBOACIÓN 1975	% POBOACIÓN 1981	% POBOACIÓN 1986	% POBOACIÓN 1991
CERDEDA	16,24	15,34	15,59	14,68	12,83
FRADES	9,02	8,56	8,12	8,04	7,91
MESÍA	11,19	10,15	9,52	9,10	8,71
ORDES	21,34	21,53	24,70	26,46	27,58
OROSO	8,25	8,59	8,04	8,72	9,04
TORDOIA	12,40	12,38	11,73	11,74	12,87
TRAZO	9,81	10,25	9,71	9,16	9,13
VAL DO DUBRA	11,74	13,20	12,59	12,09	11,93
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

GRÁFICO 3. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN NA COMARCA DE ORDES



(% 1970-1991 con respecto ó Comarca)

GRÁFICO 4. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN NA COMARCA DE ORDES



(% 1970-1991 con respecto á Comarca)

A densidade de poboación segue a mesma tónica, é dicir, non hai grandes diferencias dentro do espazo comarcal, a excepción do municipio de Ordes, que conta cunha densidade máis elevada (72,67 habs./km²), pola concentración da poboación na capital municipal. Cara o sector oriental, as densidades decrecen.

A densidade de poboamento, o número de entidades de poboación por Km²., é elevada (1,32) e sitúase nunha posición intermedia para o contexto galego: entre Galicia (1,07) e a pro-

vincia (1,43). Son moitas as variables que poden influir na distribución e forma do hábitat, e non sempre fáciles de explicar. Sen embargo -e para este caso concreto- a dispersión débese, en grande medida, a unha topografía cha que non condiciona excesivamente a localización do poboamento.

A baixa densidade de poboación unida a este elevado número de entidades por Km²., reflicta claramente o escaso tamaño da grande maioría dos núcleos. Este feito ten que ser in-



NÚCLEO DE CABALEIROS, TORDOIA

terpretado coma un factor negativo, xa que se fai moi difícil conseguir unha adecuada cobertura de servizos e equipamentos para unha poboación que se encontra tan repartida no territorio.

En definitiva, Ordes funciona como centro de crecemento, debido á súa tendencia á concentración e a un maior peso demográfico (do

21,34% da poboación comarcal en 1970 ó 27,57% en 1991). O resto dos municipios tenden ó estancamento demográfico ou á perda de poboación.

En consecuencia, o núcleo de Ordes, con apoiatura no de Sigüeiro (Oroso), tenden a canaliza-lo crecemento demográfico e a organización do territorio.



NÚCLEOS DE BEMBIBRE E VAL DO DUBRA

CADRO 5. DENSIDADE DE POBOACIÓN E DENSIDADE DE POBOAMENTO

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 70	POBOACIÓN TOAL 86	POBOACIÓN FEITO 91	SUPERF. DM ² DO MUNIP.	NÚMERO PARROQUIAS	ENTIDADES POBOACIÓN	DENSIDADE POBOAC. 91	DENSIDADE POBOAM.
CERDEDA	7.502	6.478	5.335	110,80	6	170	48,15	1,53
FRADES	4.167	3.546	3.291	81,70	12	138	40,28	1,69
MESÍA	5.167	4.016	3.623	105,80	12	187	34,24	1,77
ORDES	9.855	11.676	11.467	157,80	13	219	72,67	1,39
OROSO	3.810	3.847	3.761	72,20	11	84	52,09	1,16
RORDOIA	5.727	5.181	5.350	123,70	10	128	43,25	1,03
TRAZO	4.532	4.040	3.796	100,50	11	112	37,77	1,11
VAL DO DUBRA	5.423	5.335	4.959	108,20	12	99	45,83	0,91
TOTAL	46.183	44.119	41.582	860,70	87	1.137	48,31	1,32
TOTAL COMARCAL	46.183	44.119	41.582	860,70	87	1.137	48,31	1,32
TOTAL PROVINCIAL	1.004.188	1.101.409	1.089.896	7.930,90	934	11.373	137,42	1,43
TOTAL REXIONAL	2.584.020	2.784.427	2.696.398	29.502,90	3.775	31.607	91,39	10,7

3.2.2.- A POBOACIÓN PARROQUIAL

A utilización do municipio como unidade básica de análise non é suficiente para facer patente a realidade territorial, sobre todo nunha poboación que ten como rasgo principal a dispersión. Por este motivo, descendemos á análise parroquial que reflexará máis fielmente a distribución real da poboación no espacio comarcal.

Das 87 parroquias que compoñen o espacio da Comarca, só 24 gañaron poboación entre 1981 e 1986, 6 delas con porcentaxes superiores ó 10%. Estas últimas sitúanse na súa inmensa maioría na estrada N-550, destacando unha vez máis Ordes e Oroso-Sigüeiro.

As parroquias que experimentan unha evolución positiva e cun umbral de poboación superior ós 1.000 habitantes son: Oroso-Sigüeiro (16,26%), Ordes (10,03%), Cabaleiros-Pontepedra (9,56%) e Ardemil-Mesón do Vento (9,32%).

Constátase, de novo, o importante papel que desempeña a estrada Nacional 550, posto que tres das catro parroquias mencionadas localí-

zanse nela. Feito que contrasta acusadamente nunha Comarca que perde poboación de maneira xeneralizada.

As anteriores hai que engadi-la parroquia de Cabaleiros, co núcleo de Pontepedra, a capital do municipio de Tordoia. Sen embargo, este crecemento non hai que relacionalo con factores de desenvolvemento económico, senón que é o resultado dun proceso de concentración nun municipio que en conxunto perde poboación.

En consecuencia, Ordes configúrase coma o principal centro comarcal (5.276 hab.) e con papel de encrucillada de comunicacións (Nacional 550, enlace coa Autoestrada do Atlántico e outras estradas que discorren en dirección O-E), destacando a recente configuración do núcleo de Sigüeiro-Oroso, coma un subcentro de crecemento.

3.2.3.- DINÁMICA DEMOGRÁFICA

Neste apartado recóllense as características da poboación comarcal en relación coa súa ca-



**A AUTOESTRADA DO ATLANTICO E AS REDES DE COMUNICACION QUE CRUZAN O CONCELLO DE OROSO
CONFIGURAN UN NOVO SUBCENTRO DE CRECEMENTO COMO É O NUCLEO DE SIGÜEIRO-OROSO**

CADRO 6. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS, 1981-1986

	SUPERFICIE Km²	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 86	DENSIDADE POBOAC. 86	% CRECITO. 81/86
CERDEDA					
CERDEDA	13,80	1829	1720	124,60	-5,96
ENCROBAS	23,10	677	673	29,10	-0,59
XESTEDA	16,80	631	535	31,80	-15,21
MEIRAMA	11,80	587	612	51,91	4,26
QUEIXAS	21,90	1445	1308	59,70	-9,48
RODIS	26,90	1834	1630	60,60	-11,12
TOTAL	114,30	7003	6478	56,70	-7,50
FRADES					
ABELLA	12,50	618	581	46,50	-5,99
AÑA	5,00	224	223	44,60	-0,45
AIAZO	5,00	241	214	42,80	-11,20
CELTIGOS	3,70	168	157	42,40	-6,55
FRADES	9,30	237	231	24,80	-2,53
GAFOI	9,00	447	410	73,20	-8,28
GALEGOS	6,80	260	279	41,00	7,31
LEDOIRA	4,30	214	212	49,30	-0,93
MESOS	5,00	120	128	25,60	6,67
MOAR	7,50	471	480	64,00	1,91
PAPUCIN	6,80	389	383	56,30	-1,54
VITRE	10,00	260	248	24,80	-4,62
TOTAL	81,50	3649	3546	43,50	-2,82
MESÍA					
ALBIXOI	7,50	273	242	32,30	-11,36
VASCOI	10,60	277	242	22,80	-12,64
BOADO	7,30	296	298	40,80	0,68
BRUMA	2,00	69	66	33,00	-4,35
CABRUI	13,70	299	264	19,30	-11,71
CASTRO	4,50	175	133	29,50	-24,00
CUMRAOS	8,70	343	313	36,00	-8,75
CANZA	5,00	263	248	49,60	-5,70
MESÍA	14,40	657	608	42,20	-7,46
OLAS	7,60	374	382	50,30	2,14
VUSABTILA	11,30	743	730	64,30	-1,75
XANCEDA	16,20	509	490	30,20	-3,73
TOTAL	108,80	4278	4016	36,90	-6,12

	SUPERFICIE Km²	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 86	DENSIDADE POBOAC. 86	% CRECTO. 81/86
ORDES					
ARDEMIL	21,80	1148	1255	57,50	9,32
BARBEIROS	13,70	341	330	24,10	-3,23
BEAN	8,70	425	401	46,10	-5,65
BUSCAS	13,10	522	575	43,90	10,15
LEIRA	15,00	655	730	48,90	11,45
LESTA	11,80	278	282	23,90	1,44
MERCURIN	14,90	405	395	26,50	-2,47
MONTAOS	10,60	835	890	83,90	6,59
ORDES	10,00	4795	5276	527,60	10,03
PARADA	11,90	485	409	34,40	-15,67
PEREIRA	11,20	354	313	27,90	-11,58
POULO	8,10	403	356	43,90	-11,66
VILAMAIOR	9,30	449	460	49,40	2,45
TOTAL	160,10	11095	11676	72,90	5,24
OROSO					
ANXOS	7,50	257	243	32,40	-5,45
CALVENTE	4,30	120	134	31,10	11,67
CARDAMA	5,60	224	225	40,20	0,45
DEIXEBRE	5,00	257	306	61,20	19,07
GANDARA	6,80	211	220	32,30	4,27
MARZOA	6,20	299	290	46,80	-3,01
OROSO	10,00	972	1130	113,00	16,26
PASARELOS	4,40	103	97	22,00	-5,83
SENRA	8,10	400	380	46,90	-5,00
TRASMONTE	7,50	508	548	73,00	7,87
VILARROMARIS	6,90	261	274	39,70	4,98
TOTAL	72,30	3612	3847	53,20	6,51
TORDOIA					
ANDOIO	6,50	384	370	56,90	-3,65
ANXERIZ	16,10	730	680	42,20	-6,85
BARDAUS	9,20	704	683	74,20	-2,98
CABALEIROS	15,90	931	1020	64,10	9,56
CASTENDA	13,10	533	507	38,70	-4,88
GORGULLOS	22,60	670	653	28,90	-2,54
LEOBALDE	4,80	205	185	38,50	-9,76
NUMIDE	5,90	285	270	45,70	-5,26
TORDOIA	3,10	117	116	37,40	-0,85
VILA DO ABADE	28,60	708	697	24,40	-1,55
TOTAL	125,80	5267	5181	41,20	-1,63

	SUPERFICIE Km²	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 86	DENSIDADE POBOAC. 86	% CRECTO. 81/86
TRAZO					
BENZA	8,70	460	424	48,70	-7,83
BERREO	7,50	340	353	47,00	3,82
CAMPO	11,20	544	498	44,40	-8,46
CASTELO	6,80	258	261	38,40	1,16
CHAIAN	7,70	438	430	55,80	-1,83
MONZO	6,20	207	169	27,20	-18,36
MORLAN	10,00	294	266	26,60	-9,52
RESTANDE	6,90	438	372	53,90	-15,07
TRAZO	10,00	284	262	26,20	-7,75
VILOUCHADA	7,40	189	186	25,10	-1,59
XAVESTRE	16,80	911	819	48,70	-10,10
TOTAL	99,20	4363	4040	40,70	-7,40
VAL DO DUBRA					
ARABEXO	16,80	450	426	25,30	-5,33
BEMBRIBE	5,00	824	800	160,00	-2,91
BUXAN	9,30	431	398	42,80	-7,66
COUCEIRO	12,50	653	620	49,60	-5,05
ERVÍNOU	8,70	210	190	21,80	-9,52
NIVEIRO	10,00	440	410	41,00	-6,82
PARAMOS	6,80	309	294	43,20	-4,85
PORTOMEIRO	9,30	260	234	25,10	-10,00
PORTOMOURO	7,50	493	490	65,30	-0,61
RIAL	10,00	946	868	86,80	-8,25
SAN ROMAN	5,00	482	448	89,60	-7,05
VILARIÑO	10,60	156	157	14,80	0,64
TOTAL	111,50	5654	5335	47,80	-5,64

pacidade demográfica e, en definitiva, coas súas perspectivas de futuro.

3.2.3.L.- NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO

A Comarca de Ordes, no que respecta á natalidade, segue a tendencia do contexto ó que pertence, xa sexa o provincial, xa o rexional. O

descenso da fecundidade e o envellecemento da poboación son as principais causas explicativas da actual baixa da natalidade (pasou dun 14 a un 6 por mil, nos últimos dez anos). Esta tendencia, que é xeral en toda Galicia, é máis acusada aínda na Comarca.

Por outra banda, a mortalidade tende ó descenso, porque a taxa, no período 1980-85, foi dun 11,26 por mil e entre 1990-91, pasou ó 8,46 por mil. O comportamento é igual ó pro-

vincial e rexional, aínda que a taxa bruta de mortalidade da Comarca sexa algo menor. De todos modos, a interpretación das taxas de mortalidade débemos levar a tomar certas precaucións, debido á non exactitude dos datos existentes. En calquera caso, os valores anteriores indican unha situación moi desfavorable en canto á natalidade e, polo contrario, favorable no que á mortalidade respecta. En consecuencia, o crecemento natural é negativo, situación que se vén producindo dende mediados dos 80, o mesmo que sucede en Galicia. Tendo en conta que non hai grandes posibilidades de aportes de poboación, o descenso demográfico continuado é a consecuencia inmediata.

As variacións intracomarcais denotan unha situación algo máis favorable en Ordes e Oroso,

en canto que teñen unhas taxas brutas de natalidade (ó longo dos 80) máis elevadas có resto dos municipios. De todos xeitos, esta situación mantense hoxe en Oroso, mentres en Ordes a tendencia é a un forte descenso. En canto á mortalidade, o máis notorio son os elevados valores de Mesía e Val do Dubra, debido ó grande envellecemento da súa poboación. Só Oroso rexistra un crecemento natural positivo, mentres que Ordes xa ten un saldo negativo no período 1990-91.

En resumo, os centros demográficos con potencial relativo son os municipios de Oroso e Ordes. Sen embargo, de continua-la tendencia notablemente regresiva do crecemento vexetativo, o futuro desenvolvemento económico da Comarca verase afectado pola grande diminución dos efectivos xoves.


CADRO 7. TAXA DE NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECIMENTO VEXETATIVO (I)

MUNICIPIO	TAXA NATALIDADE PERÍODO 8085	TAXA NATALIDADE PERÍODO 86-89	TAXA MORTALIDADE PERÍODO 8085	TAXA MORTALIDADE PERÍODO 86-89	CTO. VEXETATIVO PERÍODO 8095	CTO. VEXETATIVO PERÍODO 86-89
CERDEDA	10,97	5,87	10,14	9,61	0,83	-3,74
FRADES	15,84	9,52	10,58	8,39	5,26	1,13
MESÍA	13,98	8,96	13,65	11,33	0,33	-2,37
ORDES	19,02	10,26	10,78	9,31	8,24	0,94
OROSO	19,66	10,59	9,86	9,23	9,80	1,36
TORDOIA	11,51	8,30	10,86	10,52	0,65	-2,22
TRAZO	13,39	10,02	12,56	10,52	0,83	-0,50
VAL DO DUBRA	11,28	7,40	12,52	10,64	-1,24	-3,23
TOTAL	14,67	8,87	11,26	9,87	3,41	-1,00
MEDIA COMARCAL	14,67	8,87	11,26	9,87	3,41	-1,00
MEDIA PROVINCIAL	15,05	8,88	10,52	9,04	4,54	-0,16
MEDIA REXIONAL	14,58	8,89	11,14	9,27	3,44	-0,39

CADRO 8. TAXA DE NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO (II)

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 1991	TAXA NATALIDADE 1990-91	TAXA MORTALIDADE 1990-91	TAXA CRECEMENTO VEX. 1990-91
CERDEDA	7.015	2,92	5,56	-2,64
FRADES	3.333	6,15	7,65	-1,50
MESÍA	3.684	6,65	11,94	-5,29
ORDES	11.704	6,79	7,99	-1,20
OROSO	3.779	11,78	9,39	2,38
TORDOIA	5.847	5,90	7,44	-1,54
TRAZO	4.282	6,89	9,69	-2,80
VAL DO DUBRA	5.351	6,54	10,84	-4,30
TOTAL COMARCA	44.995	6,41	8,46	-2,04
TOTAL PROVINCIAL	1.096.966	7,65	9,41	-1,46
TOTAL GALICIA	2.731.669	7,97	9,99	-2,02

GRÁFICO 5. EVOLUCIÓN DA NATALIDADE E DA MORTALIDADE NA COMARCA DE ORDES



3.2.3.2.- SALDO MIGRATORIO

Entre 1970 e 1986 a comarca rexistrou un saldo migratorio negativo de -4.714 habitantes, o que supuxo un descenso do -10,21% da poboación, moi superior ás medias galega (-0,68%) e provincial (-0,71%).

Este comportamento foi continuado ó longo do período: moi acusado na segunda metade dos 70 (-6,94%) e cun claro detemento na primeira metade dos 80 (-2,48%), debido a causas xerais externas á Comarca. Por outra banda, houbo unha certa atracción por parte de núcleos coma Oroso (asentamento da poboación empregada en centros de traballo situados fóra da Comarca) e Ordes (incipiente industrialización e centro comarcal), que neste período amosan saldos positivos. O retorno de emigrantes explica, así mesmo, a detención da corrente emigratoria,

Estes retornados invisten en pequenos negocios, coma bares e tamén algún comercio, en construír ou mercar unha vivenda familiar e en mellora-las explotacións familiares agrarias.

En consecuencia, asístese a un notable proceso de atracción inmigratoria cara os municí-

pios de Ordes e Oroso, focos polarizadores da Comarca.

Existen tamén outros núcleos que exercen atracción a nivel local, máis non logran facer variar os valores negativos que desprenden os totais por municipios (o núcleo de Bembibre con respecto a Val do Dubra é un exemplo).

3.2.4.- ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

En páxinas anteriores fíxose referencia ó envellecemento coma unha das causas principais do descenso da natalidade ou do retroceso da poboación. Neste apartado analízanse, máis detalladamente, as variables que fan referencia á estrutura da poboación, tanto por idades coma por sexo.

3.2.4.1.- ESTRUCTURA POR IDADE

Esta Comarca segue as pautas de Galicia no que á estrutura demográfica se refire. A súa poboación caracterízase polo envellecemento, cunha clara tendencia ó seu aumento, ben visi-

CADRO 9. EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO

MUNICIPIOS	SALDO MIG. POB. 70-86	SALDO MIG. POB. 70-75	SALDO MIG. POB. 75-80	SALDO MIG. POB. 81-86	%SALDO MIG. POB. 70-86	% SALDO MIG. POB. 70-75	%SALDO MIG. POB. 75-80	% SALDO MIG. POB. 81-86
CERDEURA	-1.179	-397	-257	-525	-15,72	-5,29	-3,57	-7,50
FRADES	-864	-196	-487	-181	-20,73	-4,70	-12,11	-4,96
MESÍA	-1.296	-487	-555	-254	-25,08	-9,43	-11,65	-5,94
ORDES	599	-121	476	244	6,08	-123	4,71	2,20
OROSO	-260	183	-547	104	-6,82	4,80	-13,56	2,88
TORDOIA	-837	-86	-661	-90	-14,61	-1,50	-11,37	-1,71
TRAZO	-677	207	-559	-325	-14,94	4,57	-11,61	-7,45
VAL DO DUBRA	-200	716	-668	-248	-3,69	13,20	-10,78	-4,39
TOTAL	-4.714	-181	-3.258	-1.275	-10,21	-0,39	-6,94	-2,84
MEDIA COMARCAL	-4.714	-181	-3.258	-1.275	-10,21	-0,39	-6,94	-2,84
MEDIA PROVINCIAL	-7.103	-5.365	-2.579	841	-0,71	-0,53	-0,25	0,08
MEDIA REXIONAL	-17.556	10.085	-27.142	-499	-0,68	0,39	-1,01	-0,02

CADRO 10. ESTRUCTURA POR IDADE DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL91	POBOACIÓN < 16	POBOACIÓN 16-67	POBOACIÓN > 65	% POBOACIÓN < 16	% POBOACIÓN 16-64	% POBOACIÓN > 65
CERCEDA	7.016	1.155	4.723	1.138	16,46	67,32	16,22
FRADES	3.337	636	2.105	596	19,06	63,08	17,86
MESÍA	3.689	605	2.365	719	16,40	64,11	19,49
ORDES	11.702	2.424	7.712	1.566	20,71	65,90	13,38
OROSO	3.776	778	2.409	589	20,60	63,80	15,60
TORDOIA	5.848	972	3.974	902	16,62	67,95	15,42
TRAZO	4.280	774	2.733	773	18,08	63,86	18,06
VAL DO DUBRA	5.352	857	3.429	1.066	16,01	64,07	19,92
TOTAL	45.000	8.201	29.450	7.349	18,22	65,44	16,33
MEDIA COMARCAL	45.000	8.201	29.450	7.349	18,22	65,44	16,33
MEDIA PROVINCIAL	1.096.966	213.478	727.814	155.674	19,46	66,35	14,19
MEDIA REXIONAL	2.731.669	508.511	1.787.875	438.044	18,21	65,67	16,11

ble no último quinquenio (entre 1986 e 1991, a poboación de 65 anos e máis pasou do 12,7% ó 16,4%). A partir da análise do sector de poboación demográficamente xove, chégase a idéntica conclusión: hai unha clara perda de efectivos xoves no último quinquenio (do 23,9% en 1986, pásase ó 18,2% en 1991). Polo tanto, a poboación da Comarca está a sufrir un paulatino proceso de envellecemento, sen asomos de recuperación. De todos modos, o seu comportamento é semellante tanto ó provincial coma ó rexional, pois é ben coñecido por todos o proceso continuado de envellecemento, en Galicia. Neste senso, a Comarca de Ordes non é unha excepción.

No territorio intracomarcial non hai diferencias marcadas. O máis notorio é a situación de Ordes, cun valor medio de envellecemento (13,4%) menor cá Comarca (16,4%) e incluso cá provincia (14,19%) ou Galicia (15,93%), e unha porcentaxe de xoves (20,7%) maior que en todos os casos citados. De todos modos a tendencia é tamén cara o envellecemento.

3.2.4.2.- DEPENDENCIA DA POBOACIÓN

Segundo os cálculos levados a cabo, nesta Comarca cada 100 activos han de soste a 52 inactivos. A tendencia da taxa de dependencia no último quinquenio foi de descenso (en 1986, este valor era de 57), debido á grande redución da poboación xove que non se viu compensada polo aumento de vellos. Paralelamente, engrandeceuse o segmento de adultos. Hoxe en día, esta situación podería considerarse favorable, mais o problema radicarán no futuro, a medida que o grupo de activos non se poida seguir mantendo nas mesmas proporcións, porque se producirá un exceso de poboación inactiva con respecto á poboación que traballa, o cal desde un punto de vista socioeconómico, non é en absoluto favorable.

O índice de dependencia diferenciado por sectores de poboación (xuvénil e senil) sintetiza o que acabamos de sinalar: o índice de dependencia xuvenil diminúe (de 37,81 a 27,84, nos últimos cinco anos) e o senil aumenta (de 20,03 a

CADRO 11. ÍNDICES DE DEPENDENCIA DA POBOACIÓN NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	I. DEPENDENCIA XERAL 1986	I. DEPENDENCIA XERAL 1991	I. DEPENDENCIA XUVENIL 1986	I. DEPENDENCIA XUVENIL 1991	I. DEPENDENCIA SENIL 1986	I. DEPENDENCIA SENIL 1991
CERCEDA	50,60	48,54	32,23	24,45	18,37	24,09
FRADES	60,26	58,52	36,70	30,21	23,56	28,31
MESÍA	63,67	55,98	36,82	25,58	26,84	30,40
ORDES	60,26	51,73	41,83	31,43	18,43	20,30
OROSO	53,37	56,74	35,74	32,29	17,64	24,44
TORDOIA	56,99	47,15	37,05	24,45	19,94	22,69
TRAZO	54,32	56,60	35,49	28,32	18,83	28,28
VAL DO DUBRA	63,13	56,08	41,92	24,99	21,21	31,08
TOTAL	57,85	52,80	37,81	27,84	20,03	24,95
MEDIA COMARCAL	57,85	52,80	37,81	27,84	20,03	24,95
MEDIA PROVINCIAL	61,96	50,72	41,77	29,33	20,19	21,38
MEDIA REXIONAL	62,50	52,27	40,99	27,73	21,51	24,53

CADRO 12. TAXA DE REEMPRAZO XERACIONAL NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 86 15-39 ANOS	POBOACIÓN 91 15-39 ANOS	POBOACIÓN 86 40-64 ANOS	POBOACIÓN 91 40-64 ANOS	TAXA REEMPRAZO 86	TAXA REEMPRAZO 91
CERCEDA	2.554	2.376	2.444	2.347	1,05	1,01
FRADES	1.379	1.186	960	919	1,44	1,29
MESÍA	1.425	1.211	1.295	1.154	1,10	1,05
ORDES	4.191	4.279	3.196	3.433	1,31	1,25
OROSO	1.540	1.376	1.124	1.033	1,37	1,33
TORDOIA	2.070	2.054	2.006	1.970	1,03	1,04
TRAZO	1.882	1.438	1.478	1.295	1,27	1,11
VAL DO DUBRA	2.224	1.786	1.861	1.643	1,20	1,09
TOTAL	7.265	15.706	14.364	13.794	1,20	1,14
MEDIA COMARCAL					1,20	1,14
MEDIA PROVINCIAL					1,22	1,24
MEDIA REXIONAL					1,20	1,21

CADRO 13. ESTRUCTURA POR SEXO DA POBOACIÓN, TAXAS DE MASCULINIDADE EN 1986 E 1991

MUNICIPIOS	HOMES TOTAL 86	HOMES TOTAL 91	MULLERES TOTAL 86	MULLERES TOTAL 91	TAXA 86 MASCULINIDAD	TAXA 91 MASCULINIDAD
CERCEDA	3.662	2.552	3.778	2.795	96,93	91,31
FRADES	1.827	1.667	1.782	1.624	102,53	102,65
MESÍA	2.134	1.815	2.118	1.808	100,76	100,39
ORDES	5.818	5.556	6.024	5.911	96,58	93,99
OROSO	2.010	1.824	2.046	1.937	98,24	94,17
TORDOIA	2.936	2.554	3.160	2.796	92,91	91,34
TRAZO	2.529	1.862	2.492	1.934	101,48	96,28
VAL DO DUBRA	3.075	2.405	3.154	2.554	97,50	94,17
TOTAL	23.991	20.235	24.554	21.359	97,71	94,74
MEDIA COMARCAL					97,71	97,74
MEDIA PRONVINCIAL					93,87	91,07
MEDIA REXIONAL					94,13	91,95

24,95, no mesmo período). Este comportamento é semellante ó da provincia e ó de Galicia.

3.2.4.3.- REEMPRAZO XERACIONAL

Esta taxa, relación entre o segmento de poboación 15/40 anos e o de 40/64, mide a capacidade de reposición dos activos.

Aínda que os resultados amosan unha situación favorable porque a taxa media actual é de 1,13 (para mante-los activos a taxa debe ser igual a 1), non ocorre o mesmo ó observa-la evolución recente, porque neste último quinquenio o índice de reempazo xeracional diminuíu 0,07.

3.2.4.4.- COMPOSICIÓN POR SEXO


Neste aspecto, a Comarca tampouco difire do seu entorno provincial ou rexional. En cal-

quera dos casos, o número de mulleres é maior ó de homes, aínda que haxa lixeiras diferencias entre unhas e outras zonas.

A causa desta situación é, primordialmente, o envellecemento, porque a esperanza de vida feminina é maior cá masculina. Por iso en poboacións cunha elevada proporción de anciáns, hai unha clara maioría de mulleres.

As diferencias intracomarcas máis notorias son as de Frades e Mesía, onde a situación se inverte: hai máis homes que mulleres. A causa pode se-lo distinto comportamento entre homes e mulleres xoves no sector agrario; mentres que o fillo se queda na explotación, as fillas buscan outro medio de vida en sectores extra-agrarios, o que xera un éxodo rural feminino e, en definitiva, unha redución nos efectivos de mulleres.

GRÁFICO 6. PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1.991



3.3.- SÍNTESE DA SITUACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

Resumindo o sinalado en páxinas anteriores, pódese considerar como preocupante tanto a situación actual, coma as perspectivas demográficas analizadas, que se resumen nos seguintes puntos:

- Perda constante de poboación (período 1975-91) a excepción de Ordes (que xa empeza a mostrar un lixeiro descenso entre 1986 e 1991) e de Tordoia (que ten unha pequena recuperación nos últimos cinco anos.)

- Tódolos municipios (a excepción de Ordes) teñen dificultades para mante-la súa poboación.

- O crecemento vexetativo e o saldo migratorio teñen taxas negativas en toda a Comarca, a excepción de Ordes e Oroso.

A estrutura por idade deixa patente unha forte porcentaxe de poboación madura, que se ben garante o reemprazo xeracional na actualidade, en décadas posteriores o proceso de envellecemento agravará sensiblemente a situación.

- A poboación atópase moi dispersa e o seu índice de concentración é inferior á provincia e rexión.

- Incluso algúns dos maiores núcleos son incapaces de reter poboación.

Como factores positivos poden argüirse os seguintes:

- A Comarca conta cun adecuado número de habitantes para levar a cabo unha acción descentralizadora.

- Existe unha tendencia á concentración e ó crecemento demográfico nos núcleos situados en torno á estrada N-550, aspecto que beneficia ós municipios de Ordes e Oroso.

4.- SISTEMA PRODUCTIVO

Analizaremos neste apartado a base productiva da comarca, así coma a súa evolución recente e a situación do mercado de traballo, cunha perspectiva xeneralista, xa que a súa finalidade é conseguir a información necesaria para efectuarlo diagnóstico comarcal.

4.1.- POBOACIÓN ACTIVA

Esta comarca responde ó comportamento característico de Galicia, en canto que a taxa de actividade é moi elevada (54,41% cando a española é do 38,4%), debido ó subemprego agrícola.

Esta situación queda ratificada cos datos relativos á taxa de actividade feminina. O seu valor (38%) é superior ó da provincia (33,03%) e ó de Galicia (33,58%). A grande dedicación da muller ó sector agrario, sobre todo como axuda familiar, explica ditas taxas. En cambio, tódolos municipios teñen valores semellantes na taxa de actividade masculina (entre o 69 e o 75%); sendo maiores as variacións da feminina porque, ademais da ocupación tradicional da muller no campo, é frecuente a ocupación feminina en actividades complementarias como na confección.

A taxa de actividade sufriu un aumento no último quinquenio, debido á paulatina incorporación da muller ó traballo (en sectores distintos do agrario), que compensou a diminución dos activos masculinos (tendencia xeral, debido quizais a ampliación do período de estudos).

En conxunto é unha área con moi pouca diversificación de actividades. Hai un claro predominio do sector agrario e, en consecuencia, un notable subemprego.

4.2.- SECTORES DE ACTIVIDADE

A estrutura sectorial da poboación ocupada sinala tamén que a Comarca ten un claro predominio do sector primario: o 42,09% da súa poboación ocupada faino neste sector. De tódolos xeitos, aínda sendo unha área netamente rural, o resto dos sectores teñen unha certa importancia porque o 57% dos ocupados son activos non agrarios. Entre estes últimos, o sector máis representado é o terciario porque a área conta con importantes centros locais e porque cada vez é maior o emprego nos servizos públicos, sexan na Comarca ou nas cidades próximas (Santiago, A Coruña, Carballo).

CADRO 14. TAXA ACTIVIDADE XERAL, HOMES E MULLERES NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	TAXA ACTIVIDADE VARÓNS 81	TAXA ACTIVIDADE VARÓNS 91	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 81	TAXA ACTIVIDADE MULLERES 91	TAXA ACTIVIDADE XERAL 81	TAXA ACTIVIDADE XERAL 91
CERCEDA	77,52	72,53	39,13	47,02	57,66	59,10
FRADES	74,80	69,14	2,02	30,50	39,51	50,02
MESÍA	76,13	65,24	26,75	29,10	50,79	47,26
ORDES	80,04	70,52	35,60	33,53	57,08	51,21
OROSO	77,36	70,60	20,49	29,52	48,05	49,37
TORDOIA	80,30	74,66	21,67	53,75	49,60	63,60
TRAZO	77,56	72,26	58,91	59,93	67,96	65,96
VAL DO DUBRA	79,00	69,64	16,66	17,19	47,00	42,69
TOTAL	78,28	70,79	29,79	38,06	53,35	53,87
MEDIA COMARCAL	78,28	70,79	29,79	38,06	53,35	53,87
MEDIA PROVINCIAL	73,14	66,98	26,33	33,03	48,53	49,15
MEDIA REXIONAL	72,84	66,36	27,71	35,58	49,20	49,18

Hai, por tanto, unha clara diferenciación interna, como a continuación sinalamos:

- Ordes e Oroso presentan unha maior diversificación de actividades, con notable participación dos sectores non agrarios, debido á localización de establecementos industriais neses municipios, e ós desprazamentos extracomarcais; todo iso xera unha oferta importante de empregos non agrarios. En ambos casos, destaca a ocupación feminina na industria (textil-confección, sobre todo), chegando incluso a sobrepasar á masculina. De todos xeitos, a regulación de emprego nalgúns empresas está a facer variar esta situación, e a poboación feminina que estaba ocupada nelas está pasando a engrandece-lo sector informal ou sumerxido, moi estendido desde anos atrás na Comarca. O traballo na construción é outra das principais ocupacións -neste caso masculina-, o que se completa coa oferta no terciario, predominantemente para as mulleres. A localización dos principais núcleos de poboación na N-550 é un dos determinantes da diversificación da base económica.

- No outro extremo está o grupo formado por aqueles municipios onde o primario supera ó

valor medio comarcal (42,09% da poboación ocupada), e que o integran os municipios de Frades, Mesía, Tordoia, Trazo e Val do Dubra. En todos eles, a base productiva é, sobre todo, a agricultura/gandería, complementada co sector terciario e unha mínima representación da construción e a industria.

-Cerceda ten unha posición intermedia en canto á súa base productiva, debido á localización de Lignitos de Meirama e da Central térmica, e tamén pola súa proximidade a A Coruña. Así mesmo, a dotación de servizos na súa cabeceira municipal motiva unha alta porcentaxe de poboación activa ocupada no terciario.


4.2.1.- AGRICULTURA

Esta Comarca, coma tantas outras de Galicia, conta cun elevado número de propietarios e, en consecuencia, de explotacións porque o réxime de tenencia predominante é a explotación directa. Paralelamente, unha serie de circunstancias (emigración, envellecemento, etc.) modificaron o número de explotacións en funcionamento. Segundo os datos recollidos nos Censos Agrarios, entre 1962 e 1989 houbo


CADRO 15. POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DA ACTIVIDADE NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	% SECTOR Primario 81	% SECTOR Primario 91	% SECTOR Industria 81	% SECTOR Industria 91	% SECTOR Construcc. 81	% SECTOR Construcc. 91	% SECTOR Servic. 81	% SECTOR Servic. 91
CERCEDA	59,30	35,30	11,60	13,07	15,30	16,30	13,80	35,33
FRADES	86,10	54,84	2,10	9,67	2,70	14,21	9,10	21,28
MESÍA	80,90	56,83	5,50	11,82	4,20	12,38	9,40	18,97
ORDES	46,80	27,10	14,10	19,23	13,00	20,33	26,10	33,33
OROSO	50,00	24,70	14,60	21,13	13,90	20,17	21,50	34,00
TORDOIA	52,60	55,85	3,80	8,59	17,70	14,43	25,90	21,13
TRAZO	73,80	56,71	4,50	7,42	6,60	14,20	15,10	21,67
VAL DO DUBRA	55,00	42,18	12,40	6,16	7,70	21,67	24,90	29,98
TOTAL	59,48	42,09	9,71	12,66	11,17	17,06	19,64	28,20
MEDIA COMARCAL	59,48	42,09	9,71	12,66	11,17	17,06	19,64	28,20
MEDIA PROVINCIAL	27,47	19,09	20,51	19,26	10,38	13,53	41,64	48,12
MEDIA REXIONAL	34,56	23,71	18,76	18,20	10,20	13,01	36,48	45,00


GRÁFICO 7. COMARCA DE ORDES



SECTOR PRIMARIO



SECTOR SECUNDARIO



SECTOR TERCIARIO

CADRO 16. POBOACIÓN OCUPADA NON AGRARIA NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 91	% ACTIVOS 81 NON AGRARIOS	% ACTIVOS 91 NON AGRARIOS
CERCEDA	7.003	5.347	40,70	64,70
FRADES	3.649	4.964	13,90	45,16
MESÍA	4.278	3.631	19,10	43,17
ORDES	11.095	11.693	53,20	72,90
OROSO	3.612	3.761	50,00	75,30
TORDOIA	5.267	5.350	47,40	44,15
TRAZO	4.363	3.796	26,20	43,29
VAL DO DUBRA	5.654	4.959	45,00	57,82
TOTAL	44.921	43.501	40,25	57,91
MEDIA COMARCAL			40,25	57,91
MEDIA PROVINCIAL			71,01	84,39
MEDIA REXIONAL			63,68	79,69

unha variación no número de explotacións, convén matizalas súas causas. Así como en Galicia e na provincia produciuse un descenso continuado, aunque máis forte na primeira década, na Comarca a tendencia é o mantemento do número, aínda que con pequenas fluctuacións. Unicamente seguiu unha tendencia semellante á xeral na década dos sesenta (descenso do 11% das explotacións), cando a forte emigración a Europa foi un factor explicativo do abandono de grande parte das explotacións. No segundo período (1972-1982), produciuse un aumento do número de explotacións (1,95%), seguindo agora unha tendencia contraria á provincial (-14,59) e á rexional (-14,70). Nos últimos anos (1982-89) o descenso volve a ser constante (-0,45%). As razóns desa desviación no período intermedio poden ser varias:

- Antes de nada hai que facer unha matización sobre a información manexada. Os censos agrarios de 1982 e 1989 son máis de fiar e máis completos cós anteriores. Por ese motivo, as comparacións entre eles poden dar lugar a unha certa inexactitude, sobre todo cando se descende a escalas reducidas como é a comar-

cal. É posible, polo tanto, que ese aumento de explotacións non sexa tan significativo como podería parecer.

- A chegada de diñeiro procedente da emigración, o propio retorno de emigrantes a finais da década dos 70 e o crecemento da industria láctea, que propiciou o auxe das explotacións gandeiras, foron circunstancias favorables á modernización das explotacións (sobre todo en Frades e en Mesía). As axudas constitucionais concedidas a este tipo de explotación ían dirixidas no mesmo sentido. Todo iso pode explicar, en parte, o aumento no número de explotacións gandeiras.

- Tamén houbo un aumento nas explotacións adicadas a gando de carne e comezan a ter unha certa importancia as de fructicultura (morango, sobre todo).

Coma toda Galicia, esta Comarca padece dunha excesiva parcelación das explotacións. A media rexional é de 15 parcelas/explotación (1988), mentres que en Ordes é de 13. Aínda que a situación variou (eran 27 en 1962), isto non é suficiente. De tódolos xeitos, o labor de concen-

tración parcelaria foi moi importante, incluso nalgúns municipios levouse a cabo en tódalas parroquias (Frades, Val do Dubra e Mesía).

De cara ó futuro, e seguindo o grande esforzo realizado nos últimos anos pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, prevese para esta Comarca un total de 11.526 Ha. concentradas:

Concellos	Ha.
Ordes	6.028
Trazo	5.498
TOTAL	11.526

Estende-la concentración parcelaria é unha prioridade na Comarca, para conseguir unha mínima rendibilidade nas explotacións agrarias; por outra banda, as condicións topográficas favorecen este tipo de medidas, xa que o característico do territorio son as pendentes suaves.

Sen embargo, esta medida non é suficiente para resolve-lo problema da agricultura. Mentres non haxa unha drástica redución de activos agrarios, unha medida como é a concentración parcelaria terá un valor relativo e claramente insuficiente. Por outra banda, é necesario

que calquera reestructuración agraria se contemple no marco da PAC; do contrario as medidas que se adopten poden carecer de futuro.

En canto a usos do solo, a Comarca está especializada en pastos e cultivos forraxeiros, por motivo da súa vocación gandeira. Introducíronse novos cultivos desde hai uns anos: morango, champiñón, flores, de grande importancia debido á súa posterior manipulación (co conseguinte valor engadido). A viabilidade de cultivos alternativos ós tradicionais podería resultar recomendable nunha zona con importante oferta de solo agrario e con potentes mercados urbanos próximos. Sen embargo, algunhas experiencias non deron o resultado esperado.

O solo productivo complétase coa dedicación forestal, que complementa á gandeira. A proporción de uso forestal (57,23%) é algo menor cá galega (61,34%) e similar á provincial (57,30%). As especies predominantes son as coníferas e, en menor medida, o eucalipto (sobre todo en Mesía) e as caducifolias (carballos, bidueiros, etc.). Desde a Comarca, considérase que se debería de potencia-la repoboación forestal, incluso con especies autóctonas, e a concentración dos montes

CADRO 17. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS

MUNICIPIOS	Nº EXPLOTAC. 1962	Nº EXPLOTAC. 1972	Nº EXPLOTAC. 1982	Nº EXPLOTAC. 1989	Nº EXPLOTAC. 1962/72	Nº EXPLOTAC. 1972/82	Nº EXPLOTAC. 1982/89
CERCEDA	1.673	1.395	1.532	1.600	-16,62	9,82	4,44
FRADES	825	675	716	700	-18,18	6,07	-2,23
MESÍA	1.007	929	1.018	973	-7,75	9,58	-4,42
ORDES	1.777	1.128	2.416	2.261	-36,52	114,18	-6,42
OROSO	694	703	692	739	1,30	-1,56	6,79
TORDOIA	1.048	1.251	1.084	1.161	19,37	-13,35	7,10
TRAZO	869	842	824	820	-3,11	-2,14	-0,49
VAL DO DUBRA	1.310	1.257	1.100	1.086	-4,05	-12,49	-1,27
TOTAL	9.203	8.180	9.382	9.340	-11,12	14,69	-0,45
MEDIA COMARCAL					-11,12	14,69	-0,45
MEDIA PROVINCIAL					-11,56	-8,36	-0,51
MEDIA REXIONAL					-10,71	-6,15	-0,71



A CONCENTRACIÓN PARCELARIA PERMITE UNHA INTENSIFICACION NO SECTOR AGRARIO, AXUDADA POR UNS BOS ACCESOS QUE PERMITAN A RÁPIDA DISTRIBUCIÓN DO PRODUCTO.

CADRO 18. DATOS DE USOS DO SOLO EN 1990

MUNICIPIOS	% TERRAS DO CULTIVO	% PRADOS E PASTIZALES	% TERRENO FORESTAL	% OTRAS SUPERFICIES
CERCEDA	21,25	8,12	60,89	9,74
FRADES	29,30	5,92	59,42	5,36
MESÍA	18,63	4,88	72,50	3,99
ORDES	27,76	12,49	51,91	7,83
OROSO	31,86	9,23	39,35	19,56
TORDOIA	23,31	6,22	66,81	3,65
TRAZO	45,18	7,93	44,66	2,23
VAL DO DU8RA	26,84	9,60	57,33	6,22
TOTAL	27,57	8,30	57,23	6,90
MEDIA COMARCAL	27,57	8,30	57,23	6,90
MEDIA PROVINCIAL	24,04	10,00	57,30	8,66
MEDIA REXIONAL	19,49	12,11	61,34	7,07


CADRO 19. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS POR EXPLOTACIÓN

MUNICIPIOS	PARCELAS/62 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/72 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/82 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/89 EXPLOTACIÓN
CERCEDA	12,27	9,83	10,06	10,72
FRADES	23,91	25,00	11,33	15,65
MESÍA	20,20	15,77	11,09	9,11
ORDES	21,20	22,74	14,15	11,51
OROSO	52,14	38,32	29,71	16,23
TORDOIA	28,83	16,09	15,36	13,12
TRAZO	45,09	22,33	29,87	22,86
VAL DO DUBRA	37,39	11,76	18,17	16,73
TOTAL	27,47	18,53	16,07	13,61
MEDIA COMARCAL	27,47	18,53	16,07	13,61
MEDIA PROVINCIAL	20,79	16,47	12,46	12,57
MEDIA REXIONAL	21,77	18,91	15,54	15,16




OS USOS DO SOLO DISTRIBUENSE NA TERRA PARA PASTOS E CULTIVOS FORRAXEIROS, CULTIVOS DE PRODUCTOS NOVEDOSOS E DEDICACIÓN FORESTAL.

GRÁFICO 8. USOS DO SOLO (1990)



COMARCA DE ORDES




CADRO 20. SUPERFICIES OCUPADAS POLOS CULTIVOS AGRÍCOLAS, 1990

MUNICIPIOS	% ARBOREDA SUP. TOTAL	% CULTIVADA SUP. TOTAL	% S.A.U SUP. TOTAL	% CULTIVADA S.A.U.	% PRADERÍAS S.A.U.
CERCEDA	9,02	21,25	29,37	72,35	27,65
FRADES	24,51	28,31	34,23	82,70	17,30
MESÍA	17,01	18,63	23,51	79,25	20,75
ORDES	38,03	27,76	38,99	71,21	28,79
OROSO	24,05	30,40	39,36	77,24	22,76
TORDOIA	40,09	20,88	27,11	77,04	22,96
TRAZO	10,95	44,18	53,09	83,22	16,78
VAL DO DUBRA	30,04	23,59	32,06	73,57	26,43
TOTAL COMARCAL	25,38	26,48	34,49	76,76	23,24


FTE. CÁMARAS AGRARIAS

% SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE S.A.U.




MAPA 5

% SUPERFICIE ARBORADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL




MAPA 6

% S.A.U. SOBRE SUPERFICIE TOTAL




MAPA 7

% SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 8



MAPA 9

coma un importante desenvolvemento endóxico. Nesta liña, e seguindo as directrices do Plan Forestal (1992), é necesario tamén promover o asociacionismo para paliar a excesiva fragmentación da propiedade dos montes.

4.2.2.- GANDERÍA

Nesta Comarca cunha clara especialización gandeira, sobre todo en bovino (56.399 cabezas) e algo menos en gando porcino (27.427 cabezas). Mesía (9.158 reses), Tordoia (9.054) e Ordes (8.233) destacan coma os municipios máis gandeiros, tanto quantitativa coma cualitativamente (en Mesía hai importantes explotacións especializadas).

O gando bovino está orientado á produción de leite e de carne. No primeiro caso, a produción adoita venderse ás empresas transformadoras (Leyma, LARSA). No segundo, a venda dos becerros lévase a cabo nas feiras, comarcais e rexionais, e por medio de tratantes. En

xeral houbo unha grande mellora nas explotacións gandeiras a partir das subvencións que a Xunta de Galicia concedeu con ese fin.

No gando porcino destacan Cerceda e Ordes (entre 6.000 e 7.000 cabezas), mais non xera procesos industriais derivados na Comarca, porque a súa dedicación principal é o autoconsumo e o abastecemento en vivo ou o fornecemento a matadoiros situados fóra.

A presenza doutras especies é pouco importante, a excepción do ovino e caprino en Mesía (algo menos de 400 cabezas), reforzando, se cabe, o carácter gandeiro da Comarca.

Outro indicador a considerar é a intensidade gandeira (número de cabezas de gando/km²), que no caso do bovino é de 65,53, para a Comarca, destacando unha vez máis Mesía (86,56) e Frades (85,52). As condicións ambientais de alta humidade, temperaturas suaves, precipitacións elevadas, topografía de débiles pendentes e as melloras estruturais foron factores moi favorables.

Outro aspecto importante é a situación sanitaria do gando, condición imprescindible de cara á competencia exterior. Despois dun grande esforzo, e cos datos da campaña de 1989, foron saneadas un total de 42.620 reses, o que representa un 75,57% do Censo Gandeiro da Comarca en 1990, porcentaxe semellante á de Galicia (76,97%) e á da Coruña (73,94%). Os municipios que teñen máis do 90% saneado son Val do Dubra, Frades e Mesía.

A campaña de saneamento supuxo o sacrificio dun grande número de cabezas de gando e, na actualidade, estanse acondicionando os sistemas de estabulación (medidas hixiénicas) co fin de que o esforzo anterior teña asegurada a continuidade.

Neste senso, é tamén moi importante destaca-la existencia da feira de Ordes, EXPOFEGASA, principal feira de gando saneado de Galicia, que se encontra nunha clara fase de potenciación.

Partindo dos datos de saneamento, a maior parte das explotacións teñen máis de dez

vacas, pero aínda, o mesmo que en Galicia e na provincia de A Coruña, é máis numeroso o grupo de 10 a 19 cós de máis de 20. Débese intentar un aumento do peso relativo deste último grupo, en detrimento das de menor tamaño, pola maior rendibilidade económica das grandes explotacións, sempre e cando se adecúe a produción á futura demanda do mercado.

Por último, dentro do sector primario hai que mencionala existencia dunha piscifactoría no río Tambre (en Oroso).


4.2.3.- MECANIZACIÓN AGRARIA

A grande superficie dalgunhas explotacións e dedicación do solo (fornaxes e pastos) explican a importancia da mecanización. Tamén hai que ter en conta que outro dos usos da maquinaria é a explotación forestal, o que fai aumentalo parque de tractores. Por estas razóns, o índice de mecanización da Comarca (0,52 tractores /explotación) é superior ó de Galicia (0,23).


CADRO 21. CENSO XERAL GANDEIRO

MUNICIPIO	Número de reses bovino	Intensidade gandería bov.	Nº de reses ovino-caprino	Intensidade gan. ovino-capr.	Número de porcos	Intensidade gandería porcino
CERDEDA	6.059	54,68	201	1,81	6.680	60,29
FRADES	6.987	85,52	157	1,92	2.330	28,52
MESÍA	9.158	86,56	368	3,48	4.169	39,40
ORDES	8.233	52,17	128	0,81	6.483	41,08
OROSO	3.295	45,64	41	0,57	1.155	16,00
TORDOIA	9.054	73,19	46	0,37	2.520	20,37
TRAZO	6.862	68,28	0	0,00	1.560	15,52
VAL DO DUBRA	6.751	62,39	90	0,83	2.530	23,38
TOTAL	56.399	65,53	1.031	1,20	27.427	31,87
MEDIA COMARCAL	56.399	65,53	1.031	1,20	27.427	31,87
MEDIA PROVINCIAL	323.866	40,84	28.082	3,54	400.872	50,55
MEDIA REXIONAL	841.407	28,52	251.615	8,53	1.148.446	38,93


GRÁFICO 9. COMPOSICIÓN DO CONXUNTO GANDEIRO



COMARCA DE ORDES



A CORUÑA



GALICIA

CADRO 22. CAMPAÑA DE SANEAMENTO BOVINO, 1989

MUNICIPIOS	Número reses	Número explotacións	Número de reses en explotación con				
			1-2	3-4	5-9	10-19	>20
CERCEDA	5.262	598	147	483	1.307	1.753	1.572
FRADES	6.346	578	80	345	1.473	1.877	2.571
MEŚIA	8.103	725	115	378	1.666	2.778	3.166
ORDES	3.840	361	41	167	921	1.595	1.116
OROSO	874	88	10	30	255	451	128
TORDOIA	5.877	566	75	256	1.434	2.357	1.755
TRAZO	6.048	661	112	392	1.620	2.842	1.082
VAL DE DUBRA	6.271	717	201	430	1.454	2.651	1.535
TOTAL	42.621	4.294	781	2.481	10.130	16.304	12.925
MEDIA COMARCAL	42.621	4.294	781	2.481	10.130	16.304	12.925
MEDIA PROVINCIAL	239.490	31.550	12.129	23.389	60.352	79.003	64.617
MEDIA REXIONAL	647.711	92.210	42.583	65.888	158.158	208.150	172.942

CADRO 23. MECANIZACIÓN AGRARIA

MUNICIPIOS	Tractores total 82	Tractores total 89	Motocultore total 82	Motocultores total 89	Sementadora total 82	Sementadora total 89	Outras total 82	Outras total 89
CERCEDA	473	585	80	194	8	7	633	459
FRADES	259	370	106	185	5	7	422	162
MESÍA	313	455	156	254	26	5	674	358
ORDES	855	944	415	646	26	30	1.376	1.347
OROSO	280	378	192	227	22	7	387	585
TORDOIA	714	867	132	349	26	22	315	1.063
TRAZO	492	600	268	249	6	10	629	761
VAL DO DU8RA	521	624	700	522	9	43	1.010	863
TOTAL	3.907	4.823	2.049	2.626	128	131	5.446	5.598
MEDIA COMARCAL	3.907	4.823	2.049	2.626	128	131	5.446	5.598
MEDIA PROVINCIAL	21.073	28.234	12.659	19.341	1.433	2.205	33.094	31.980
MEDIA REXIONAL	62.486	83.544	45.681	68.560	5.726	6.264	75.078	87.611

De tódolos modos, este recurso acostuma estar infrautilizado porque non hai unha total consonancia entre a estrutura agraria e o parque de maquinaria agrícola.

4.2.4.- SECTOR SECUNDARIO

Ainda que a Comarca de Ordes, en canto á actividade da súa poboación, é eminentemente agraria, ten unha serie de rasgos propios que lle abren certas perspectivas de cara a un futuro desenvolvemento.

A súa localización entre dous conxuntos urbanos (A Coruña e Santiago) fai da Comarca unha área propicia para a localización de actividades industriais. O xacemento de lignitos, en Meirama, xerou a implantación dunha empresa de extracción e dunha central térmica.

Por outra parte, esta Comarca ten unha estrutura polarizada en varios núcleos, nun dos cales -Ordes- xerouse un interesante proceso de industrialización de carácter endógeno (industria textil). As empresas do sector secundario, instaladas na comarca, xeran o 75% dos empregos non agrarios.

O tamaño medio das empresas industriais é moi superior ó resto dos subsectores económicos, con 15,5 empregos/empresa, se ben son valores que denotan unha grande atomización. Así, a maioría delas teñen menos de 25 empregos, constatándose, igualmente, unha acusada concentración do emprego do secundario en seis empresas con máis de 50 empregos: 1.139 dun total de 2.065 postos de traballo. Entre estas empresas de maior tamaño sobresaen aquelas relacionadas coa explotación da mina de lignitos e da central térmica de Meirama (Cerceda) e coa confección e textil (Ordes), aínda que neste último caso, a situación variou recentemente polo proceso de regulación de emprego nunha das principais empresas de confección.

No cadro seguinte sinálase a localización das principais empresas tanto industriais coma de construción:


En conxunto, as principais características da Comarca, no que ó sector secundario se refire, resúmense nos seguintes puntos:

1.- O emprego industrial engloba a pouco máis de 1.400 persoas, dun total próximo ós 13.500 activos, o que non é depreciable para


CADRO 24. LOCALIZACIÓN DAS PRINCIPAIS EMPRESAS

MUNICIPIOS E EMPRESAS	ACTIVIDADE	EMPREGOS
VAL DO DUBRA.		
C.Rodríguez R.	Confección	26
CERCEDA.		
Lignitos de Meirama ¹	Extractiva	650
MESÍA.		
Cerámica Verea. ²	M. de Construcción	24
ORDES.		
Viriato S.A. ³	Confección e Textil	293
Confecciones DEUS S.A.	Confección	69
S. Metalúrgica D.Felguera	Edificación	49
Constr.Nicanor Vidal	Edificación	37
Ramón Carro Romero	Edificación	75
GOMOFI S.L.	Edificación	52
Ftc.: Mutualidades Laborales.		

GRÁFICO 10. COMARCA DE ORDES. ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



¹ En Cerceda está tamén a Central térmica, de Unión FENOSA, pero o personal está censado na sede social, sen diferenciar localización; por iso non aparece en ningún dato.

² Actualmente (1992), esta empresa construiu unha nova pranta. As variacións no emprego non poden recollese porque a fonte é anterior.

³ Viriato S.A. sufriu unha regulación de emprego, polo que pasou a 160 empregos en 1992.

CADRO 25. EMPRESAS E EMPREGO. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL (ORDES)

	EMPRESAS		TRABALLADORES		MEDIA
	EMPRESAS	% S/TOTAL	NUMERO	% S/TOTAL	TRAB./EMP.
INDUSTRIA	93	20,90	1.444	52,90	15,50
CONSTRUCCIÓN	116	26,00	621	22,70	5,35
COMERCIO	95	21,44	267	9,80	2,81
SERVICIOS	141	31,83	395	14,50	2,80
TOTAL	445	100	2.727	100	6,13

unha zona rural. De tódolos xeitos, dada a localización desta Comarca nun posible eixe de desenvolvemento, este nivel de ocupación na industria tería que ser máis alto.

2.- A maioría das empresas industriais teñen menos de 25 empregos.

3.- A industria da Comarca de Ordes está polarizada nas actividades extractivas e de confección citadas. Entre as primeiras cabe destacar Lignitos de Meirama, que se converteu no soporte dinamizador da economía de Cerceda, existindo o proxecto de utiliza-la central térmica como principal centro de eliminación e reciclado de residuos sólidos de Galicia (Plan de Residuos da COTOP).

4.- A confección de xéneros de punto supón unha importante fonte de emprego (tanto en fábrica coma en talleres e no propio domicilio). De tódolos modos, ultimamente está en proceso de reestructuración, debido a problemas propios da empresa e ós cambios habidos neste sector pola competencia internacional. Todo iso motivou a perda dunha parte importante dos postos de traballo.

5.- Aínda que certas actividades industriais encóntranse en estreita relación cos recursos

endóxeos da Comarca, bótase en falta un maior desenvolvemento da industria alimentaria, tendo en conta o potencial gandeiro. A cercanía das centrais leiteiras e matadoiros industriais nas áreas próximas (zonas de influencia da Coruña e Santiago) e a falta de tradición artesanal son obstáculos para implantar un modelo de mini-industrias lácteas.

6.- Como xa se dixo, a Construcción xera algo máis da quinta parte do emprego (22,7%) co 26% das empresas. Como é habitual, é un sector de estrutura moi atomizada porque, na maioría dos casos, constitúeno pequenas empresas de acabado de vivenda e de montaxes e instalacións. As únicas empresas que superan os 24 empregos, e incluso os 50, son as de Obras Públicas e algunha inmobiliaria. As restantes acostuman ter menos de 10 empregados, mais hai que ter en conta que o emprego eventual é bastante maior.

7.- Como proxecto en marcha prevese a dotación de solo empresarial no municipio de Ordes, cun total de 180.000 m². A inversión foi de 922,5 millóns de pts. (1992). A realización desta obra é fundamental para converter a Ordes nun centro diversificado, motor da economía comarcal.



LIGNITOS DE MEIRAMA; MÁXIMO EXPOÑENTE DO SUBSECTOR EXTRACTIVO NA COMARCA

CADRO 26. ESTRUCTURA DO SECUNDARIO

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10-24 EMPREGADOS		25-50 EMPREGADOS		> 50 EMPREGADOS	
	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.
Extrac./Tranf. mineral								
Minerais metálicos	1	6	0	0	0	0	0	0
Extracción de carbón	0	0	0	0	0	0	2	650
Minerais no metál.	3	15	0	0	0	0	0	0
Mater. construción	3	10	2	36	0	0	0	0
TOTAL	7	31	2	36	0	0	2	650
Transf. de metais								
Productos metálicos	33	74	3	33	0	0	0	0
Maquinaria	1	9	0	0	0	0	0	0
Material eléctrico	1	5	1	20	0	0	0	0
TOTAL	35	88	4	53	0	0	0	0
Manufacturas								
Alimentación	10	29	1	10	0	0	0	0
Madeira	16	51	1	18	0	0	0	0
Textil/confección	7	29	1	10	1	26	2	362
Plásticos	2	3	0	0	0	0	0	0
TOTAL	35	129	5	69	1	26	2	362
Construcción								
Edificación e O.O.P.P.	16	51	1	16	2	86	1	75
Construcción inmobles	39	124	3	37	1	28	1	52
Instalación e montaxes	49	117	3	35	0	0	0	0
TOTAL	104	292	7	88	3	114	2	127
TOTAL COMARCAL	181	540	18	246	4	140	6	1.139

4.2.5.- SECTOR TERCIARIO

Este sector engloba un grande número de empresas -o 53,27% das comarcais- máis a súa participación no emprego é moito menor (24,30% do comarcal).

Os rasgos principais deste sector son os seguintes:

1.- Como se desprende dos datos anteriores, predomina a atomización empresarial, aínda que hai algunhas empresas de tamaño medio.

Practicamente, tódalas empresas teñen menos de 25 empregos, e a maioría non superan os 10. As actividades do terciario comarcal integran o comercio, pequenos establecementos relacionados coa hostelería, talleres de reparación, pequenos negocios de transportes e sucursais bancarias. O carácter familiar dalgunhas destas empresas propicia o seu pequeno tamaño.

2.- O comercio engloba ó 21% das empresas e xera o 9,8% do emprego. Aínda que o habitual son os pequenos establecementos, tamén están

presentes outros de maior tamaño, que corresponden a importantes centros de comercio maiorista adicados á distribución de produtos e maquinaria para o sector primario, destinados a unha área de mercado nacional.

3.- O resto do sector terciario desta Comarca non ten ningunha particularidade especial. Tódalas empresas son pequenas a excepción dalgunhas relacionadas co transporte, algún taller mecánico e a Administración (Concellos, Centros escolares, etc.).

En resumo, a Comarca de Ordes ten unha estrutura do sector terciario similar a outros espacios comarcais, cun comercio e uns servizos adaptados á demanda dos seus arredores (a excepción das actividades maioristas ás que antes fixemos mención). Actualmente, a demanda interna está diminuindo, debido á maior mobilidade da poboación e á proximidade a importantes centros comerciais e de servizos. Por ese motivo non houbo un grande crecemento do terciario convencional, sendo o emprego xerado pola Administración e os Servizos Públicos o que dinamiza ó sector.

Con todo, Ordes pode actuar perfectamente coma un centro de distribución, porque a súa principal vantaxe comparativa radica na posi-

ción xeográfica, que é moi favorable para a instalación de empresas de distribución e de fabricación de produtos perecedoiros.

4.3.- ÁREAS DE MERCADO


As actividades económicas, anteriormente enumeradas, xeran unha serie de movementos da poboación, por motivos de traballo e pola demanda de bens e servizos, que configuran áreas de atracción dos centros comarcais ou, polo contrario de dependencia doutros exteriores.

Neste caso, cada cabeceira municipal actúa coma centro de mercado da súa propia área municipal, coa excepción de Ordes, que ten rango comarcal. A este núcleo acude poboación de tódolos municipios próximos en demanda de bens e servizos máis especializados, dos que non se atopan nos seus respectivos municipios. A súa importancia arrinca do pasado, porque sempre contou cunha feira importante de carácter comarcal.

En canto á dependencia de centros de rango superior, a Comarca está vinculada con Santiago, en primeiro lugar, e coa Coruña, en función da súa cercanía e das boas comunicacións


CADRO 27. ESTRUCTURA DAS EMPRESAS TERCIARIAS

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10-24 EMPREGADOS		25-50 EMPREGADOS		> 50 EMPREGADOS	
	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.
COMERCIO	91	177	3	49	1	41	0	0
HOSTELERÍA	38	87	0	0	0	0	0	0
TALLERES	31	62	1	11	0	0	0	0
TRANSPORTES	27	53	3	33	0	0	0	0
FINANZAS-SEGUROS	9	17	0	0	0	0	0	0
ADMIN.-SERV. SOCIAIS	11	13	0	0	1	38	0	0
OUTROS	17	41	3	40	0	0	0	0
TOTAL	224	450	10	133	2	79	0	0



CENTROS DE MERCADO

(En función do núm. de relacións intercomarcais)



CENTRO COMARCAL



CENTROS MUNICIPAIS

MAPA 10

existentes. Isto permite unha grande mobilidade en ambas direccións.

Sen embargo, é necesario constata-lo inicio dunha serie de cambios. A implantación das superficies comerciais na Coruña e o cambio nos hábitos de consumo foron motivo dun aumento na vinculación con esa cidade. De tódolos xeitos, eses cambios non son homoxéneos en toda a Comarca, notándose máis na área máis cercana á capital provincial.

Por outra banda, Carballo, Arzúa e Curtis son cabeceiras que teñen vinculacións coa Comarca, deixando senti-la súa influencia segundo a proximidade dos municipios que a forman, e máis aínda se se considera o funcionamento das parroquias.

En conclusión, Ordes configúrase coma unha Comarca -ponte no Eixe A Coruña-Santiago e, coma tal, encóntrase influenciada polos dous centros, constatándose tamén unha crecente influencia de Carballo nos municipios occidentais (Cerdeca, Tordoia, e Val do Dubra).

4.4.- A POTENCIALIDADE TURÍSTICA

O turismo é unha actividade que case non está presente na zona. Por parte dalgúns municipios pénsase que sí sería posible a súa potenciación coma unha actividade económica complementaria, concretamente os de Oroso e Cerceda. Nasas zonas hai vivendas de fin de semana e de veraneo.

A infraestrutura turística é pouco importante e moi localizada:

- En toda a Comarca hai 209 prazas hoteleiras, todas elas en hoteis ou hostais con categoría inferior ás tres estrelas, e a súa localización (Ordes, Oroso e Val do Dubra) está máis en ser

lugar de paso que polos atractivos turísticos potenciados.

- Houbo algunha variación positiva entre 1990 e 1993, pasando de 169 a 209 prazas turísticas, mais sempre en hostais de menos de tres estrelas.

Como potencialidades turísticas hanse de sinalar:

- A pesca fluvial en determinados ríos coma o Sano, grande parte do Lengüelle (ata recibilos vertidos de Ordes) e o Tambre, augas arriba de Sigüeiro. Todos eles posúen grandes cualidades piscícolas e deben preservarse mediante adecuacións nas súas cauces, vixilancia de furtivos e prohibición de vertidos contaminantes.

- A caza menor tamén é un recurso interesante en determinados municipios, particularmente en Cerceda, Val do Dubra e Frades.

- Creación de áreas recreativas no encoro de Vilagudín (Ordes), río Tambre (Oroso), praia fluvial de Chaián (Trazo) e algúns espacios do bosque (fragas e carballeiras) poderían servir para atraer máis visitantes das comarcas e cidades veciñas.

- A conservación e protección dos espacios naturais de interese, como son a Ribeira do Dubra, Chaián (Trazo), Inferniño e Monte Castelo (Tordoia) é unha boa medida para mellorar o patrimonio natural da Comarca, que é escaso.

- É unha boa oportunidade para a Comarca a creación do circuito de alta velocidade en Cerceda, que pode actuar coma motor para o desenvolvemento turístico, a atracción de visitantes e a potenciación do sector hoteleiro. A preparación dos accesos adecuados, sobre todo ás autoestradas do Atlántico e á autovía Carballo-A Coruña, son obxectivos de interese.

- Poderíase establecer un itinerario local creando un circuito paisaxístico e arqueolóxico ba-

seado nos seguintes puntos: Ribeira do Dubra (bosque caducifólio) -A Pedra do Home- Portomeiro (castro)-, Tordoia (dolmen de Cabaleiros) - encoro de Vilagudín; no que se habilitarían rutas de sendeirismo.

- Sinaliza-lo denominado "Camiño Inglés" a Santiago que, partindo de Neda e A Coruña, percorren os peregrinos británicos e irlandeses. Na Comarca, a ruta é paralela ó trazado da estrada N-550: Herves (Carral) -Ordes - Oroso-, Santiago, mais ten un itinerario distinto. A súa utilización coma ruta de sendeirismo, de paseo a cabalo e de bicicleta de montaña serían fórmulas moi convenientes. O te-los seus puntos

de orixe e chegada nas cidades próximas, este tramo pode ser moi utilizado. Había que facer un plan de protección e preparación dos arredores, mais cun tratamento distinto do que se dou ó Camiño Francés.

En definitiva, trátase de atraer, en primeiro lugar, á poboación das áreas urbanas próximas da Coruña e Santiago, ofrecendo itinerarios e posibilidades de uso adecuado. O mesmo tempo, a Comarca debe intentar captar visitantes do exterior baseándose nunha atracción de grande impacto como é o circuito de alta velocidade, dada a súa favorable situación con respecto ás vías de comunicación e ós aeroportos.

CADRO 28. EVOLUCIÓN NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS 1985-1990-1992

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS						
	COMARCA			PROVINCIA		GALICIA	
	1985	1990	1992	1985	1990	195	1990
Hoteis > 3 estrelas	0	0	0	16	20	46	56
Hoteis < 3 estrelas	0	0	0	12	22	97	157
Hostais > 3 estrelas	0	0	0	4	4	6	4
Hostais > 3 estrelas	7	9	11	162	171	442	509
Outros aloxamentos	0	0	0	14	5	33	23
Campings	0	0	0	21	27	42	64
TOTAIS	7	9	11	229	249	666	813
% INCREMENTO	22,2			8,73		22,07	


CADRO 29. EVOLUCIÓN NÚMERO DE PRAZAS TURÍSTICAS 1985-1990-1992

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE PRAZAS						
	COMARCA			PROVINCIA		GALICIA	
	1985	1990	1992	1985	1990	195	1990
Hoteis > 3 estrelas	0	0	0	1661	2112	3934	4717
Hoteis < 3 estrelas	0	0	0	628	791	3195	4642
Hostais > 3 estrelas	0	0	0	145	186	188	186
Hostais > 3 estrelas	146	169	209	2766	2969	7474	8873
Outros aloxamentos	0	0	0	199	216	820	943
Campings	0	0	0	3019	8023	10722	20805
TOTAIS	146	169	209	8418	14297	26333	40166
% INCREMENTO	23,67			69,84		52,53	

CADRO 30. EVOLUÇÃO DO NÚMERO DE ESTABELECIMENTOS E PRAZAS TURÍSTICAS POR MUNICÍPIOS, 1985-1990-1992

OROSO						
TIPO ESTABELECIMENTO	ESTABELECIMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < ESTRELAS	2	2	2	42	42	41
TOTAIS	2	2	2	42	42	41
ORDES						
TIPO ESTABELECIMENTO	ESTABELECIMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < ESTRELAS	5	7	8	104	127	138
TOTAIS	5	7	8	104	127	138
VAL DO DUBRA						
TIPO ESTABELECIMENTO	ESTABELECIMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < ESTRELAS	0	0	1	0	0	30
TOTAIS	0	0	1	0	0	30

GRÁFICO 11. EVOLUÇÃO DA OFERTA TURÍSTICA NA COMARCA DE ORDES



4.5.- O MERCADO DE TRABALLO

A estrutura da poboación ocupada anosa os rasgos característicos dun medio rural cunha certa actividade non agraria, constatada polos valores da poboación asalariada. Nos contextos provincial e rexional configúrase segundo as características típicas dunha área rural: supera á media en traballadores independentes e en axuda familiar, mentres que está por debaixo en empresarios e asalariados.

Os empresarios locais máis representativos son os do sector do textil/confección, os de construcións metálicas, comercio maiorista, madeira e os relacionados co sector da construción.

Os traballadores independentes aglutinan tanto a xefes de explotacións agrarias coma a pequenos empresarios do sector terciario (comerciantes, donos de bares, etc.). Esta é a razón de que a media comarcal supere á de Galicia e á provincial. Nas zonas máis rurais os

valores son elevados debido ó grande número dos xefes de explotación, e naquelas nas que existe unha combinación de actividades agraria/comercial, estes valores son aínda maiores.


A maioría dos asalariados proceden do sector secundario, e, por iso a área máis rural ten uns valores moi baixos. E o caso de Frades, Mesía, Tordoia e Trazo.

A axuda familiar é quizais o indicador máis claro de ruralidade e débil desenvolvemento. Este colectivo intégro unha maioría de mulleres adultas e maiores (normalmente as esposas, nais ou sogras do agricultor) e os fillos moi xoves, antes de incorporarse a outra actividade laboral. Complétase con familiares colaterais (irmáns, cuñados), propio das familias extensas do medio rural. Tampouco hai que esquecer que nesta categoría intégrense igualmente, os membros familiares que traballan en pequenos establecementos do sector terciario (comercio e hostelería, sobre todo)

CADRO 31. MERCADO DE TRABALLO NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIO	%Empreador 1981	%Empreador 199	% Indepen. 1981	% indepen. 1991	% Asalariado 1981	% Asalariado 1991	% Axud. Famil 1981	% Axud. Famil. 1991
CERCEDA	1,30	2,10	43,50	39,95	34,40	56,97	20,80	0,97
FRADES	1,60	1,60	40,50	44,49	10,00	39,19	47,90	14,72
MESÍA	0,60	0,72	45,70	59,57	15,10	38,18	38,60	1,53
ORDES	4,50	4,12	40,30	35,00	41,50	57,81	13,70	3,07
OROSO	4,20	3,89	52,80	33,36	37,90	60,37	5,10	2,38
TORDOIA	1,60	2,20	47,80	50,40	42,50	38,91	8,10	8,49
TRAZO	0,90	2,58	30,30	35,73	22,50	36,98	46,30	24,71
VAL DO DUBRA	13,50	2,21	32,30	41,95	37,40	48,98	16,80	6,86
TOTAL	3,65	2,65	40,94	41,39	33,06	48,75	22,36	7,21
MEDIA COMARCAL	3,65	2,65	40,94		33,06		22,36	
MEDIA PROVINCIAL	4,28	4,75	21,98	22,36	62,67	68,69	11,07	4,00
MEDIA REXIONAL	3,66	4,81	25,15	24,37	56,86	64,43	14,33	6,38

GRÁFICO 12. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DO EMPREGO NA COMARCA DE ORDES



4.5.1.- CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A poboación é un dos recursos máis importantes, posiblemente o máis. Sen embargo, esta importancia non está só no aspecto cuantitativo senón, especialmente, no cualitativo. A cualificación da poboación é o soporte fundamental para unha acción de desenvolvemento. Sobre este particular, cabe facer unha serie de puntualizacións.

A proporción de persoas que nos Censos constan sen ningún tipo de estudos é notoriamente superior ás medias provincial e rexional. De feito, case o 50% da poboación non ten ningún tipo de formación específica. Así mesmo, neste grupo deberíase engadir parte da poboación con estudos de primeiro grao. A razón é

evidente; entre as persoas de máis idade, este primeiro grao equivale a unha primaria non comparable co que hoxe consideramos como EXB.

En canto ós de Segundo Grao e ós Universitarios, a situación comarcal é máis deficiente cá provincial e a rexional. Neste aspecto hai diferencias internas. Ordes, Oroso e Val do Dubra teñen os valores máis altos, en estudos superiores. A súa relación e proximidade a Santiago explican este feito.

4.5.2.- O PARO

A taxa de paro na Comarca está por debaixo da provincial e da galega. Aínda que púidese parecer un rasgo positivo, en realidade non o é

CADRO 32. NIVEL DE INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	% POBOACIÓN ANALFABETOS	% SEN ESTUDIOS NON CLASIF.	% PRIMEIRO GRAO	% SEGUNDO GRAO	% TERCEIRO GRAO
CERCEDA	12,70	52,10	14,30	19,80	1,10
FRADES	10,00	27,70	39,90	20,60	1,80
MESÍA	13,10	31,70	34,60	19,40	1,20
ORDES	12,50	22,60	42,20	20,40	2,30
OROSO	10,20	61,30	7,20	16,80	4,50
TORDOIA	14,00	51,60	17,40	15,30	1,70
TRAZO	12,10	13,70	55,70	17,10	1,40
VAL DO DUBRA	9,60	38,10	33,60	16,20	2,50
TOTAL	11,97	36,01	31,46	18,51	2,05
MEDIA COMARCAL	11,97	36,01	31,46	18,51	2,05
MEDIA PROVINCIAL	6,45	22,87	38,09	25,78	6,80
MEDIA REXIONAL	6,70	21,53	40,81	25,10	5,86

CADRO 33. TAXA DE OCUPACIÓN E PARO (CENSO 1991)

MUNICIPIOS	TAXA OCUPAC. HOMES	TAXA OCUPAC. MULLERES	TAXA OCUPAC. TOTAL	TAXA PARO HOMES	TAXA PARO MULLERES	TAXA PARO TOTAL
CERCEDA	92,20	95,14	93,40	7,50	4,86	6,60
FRADES	89,14	91,96	89,99	10,86	8,04	10,01
MESÍA	85,57	89,95	86,91	14,43	10,05	13,09
ORDES	86,83	89,49	87,74	13,17	10,51	12,26
OROSO	87,35	84,86	86,58	12,65	15,14	13,42
TORDOIA	91,53	96,70	93,84	8,47	3,30	6,16
TRAZO	94,67	96,21	95,38	5,33	3,79	4,62
VAL DO DUBRA	92,09	89,20	91,49	7,91	10,80	8,51
TOTAL	89,86	92,85	90,95	10,14	7,15	9,05
MEDIA COMARCAL	89,86	92,85	90,95	10,14	7,15	9,05
MEDIA PROVINCIAL	85,81	78,93	83,38	14,19	21,07	16,62
MEDIA REXIONAL	85,75	79,93	83,66	14,25	20,07	16,34

tanto porque está enmascarando unha situación de subemprego, propio do medio rural tradicional. A agricultura actúa coma un "colchón" da crise económica, acollendo os excedentes de poboación desempregada doutros sectores.

Nun primeiro apartado, imos analiza-la evolución recente desta variable, para continuar coa súa estrutura, xa que existen importantes diferencias segundo o tipo de poboación que se

considere. Por este motivo, analizarémo-lo paro diferenciando grupos de poboación en relación ó nivel de estudos, ó sexo e á idade.

4.5.2.1.- EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO (1984-1991)

A partir dos valores que aparecen reflexados nos cadros correspondentes, obsérvase un aumento do paro ó longo do periodo analizado.

Na provincia e en Galicia ocorre o mesmo, mais a un ritmo menor e cun cambio de tendencia no último ano (1988-1991), a pesar de que no momento actual o problema recrudeceuse. A evolución non foi uniforme ó longo desta etapa. O aumento máis notorio deuse entre 1987 e 1988, mentres que na provincia e aínda en Galicia o aumento maior produciuse entre 1985 e 1986.

Entre 1988 e 1991 houbo un descenso na taxa de paro, o mesmo que no contexto provincial e rexional. Isto mostra que a Comarca participa da leve reactivación económica que tivo

Galicia nestes anos, reflexo da expansión xeral da economía. Esta etapa remata no momento actual, que amosa unha difícil situación no que a paro se refire.

Esta análise do emprego non sería completa se non se fixese alusión a tódolos sistemas de economía "informal", cada vez máis presentes e cunha certa importancia na xeración de rendas. Neste aspecto, o traballo que a muller realiza na súa propia casa (participando nalgunha das fases do proceso productivo) e o que se leva a cabo en talleres e en cooperativas ten unha importante presenza nesta Comarca.


CADRO 34. PARO REXISTRADO 1984/1991: EVOLUCIÓN INTERANUAL

MUNICIPIOS	EVOLUCIÓN % 1984/85	EVOLUCIÓN % 1985/86	EVOLUCIÓN % 1986/87	EVOLUCIÓN % 1987/88	EVOLUCIÓN % 1988/89	EVOLUCIÓN % 1989/90	EVOLUCIÓN % 1990/91
CERCEDA	40,73	-15,25	-	-	-18,39	-2,46	9,75
FRADES	1,85	4,55	-0,87	50,00	3,51	-3,39	1,17
MESÍA	-6,90	20,00	6,17	14,53	-6,09	-4,32	-10,17
ORDES	4,25	7,74	2,09	2,94	-12,05	-12,99	8,28
OROSO	10,13	4,02	-0,55	8,89	-1,02	-15,98	6,75
TORDOIA	-27,53	12,40	15,17	14,97	6,25	0,00	28,92
TRAZO	-32,35	40,22	12,40	46,21	-50,94	3,85	-7,41
VAL DO DUBRA	-45,45	157,14	19,91	-18,15	-3,77	-2,94	4,04
TOTAL	-0,76	12,07	-10,92	28,26	-11,70	-7,09	6,90
MEDIA COMARCAL	-0,76	12,07	-10,92	28,26	-11,70	-7,09	6,90
MEDIA PROVINCIAL	-1,94	11,24	2,69	3,58	-4,90	-7,33	-2,08
MESÍA REXIONAL	3,89	11,09	8,81	5,82	-3,28	-6,25	-2,31

CADRO 35. DATOS RELACIONADOS COA EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	PARO 84 REXISTRADO	PARO 85 REXISTRADO	PARO 86 REXISTRADO	PARO 87 REXISTRADO	PARO 88 REXISTRADO	PARO 89 REXISTRADO	PARO 90 REXISTRADO	PARO 91 REXISTRADO
CERCEDA	275	387	328		348	284	277	304
FRADES	108	110	115	114	171	177	171	173
MESÍA	145	135	162	172	197	185	177	159
ORDES	682	711	766	782	805	708	616	667
OROSO	158	174	181	180	196	194	163	174
TORDOIA	178	129	145	167	192	204	204	263
TRAZO	136	92	129	145	212	104	108	100
VAL DO DUBRA	154	84	216	259	212	204	198	306
TOTAL	1.836	1.822	2.042	1.819	2.333	2.060	1.914	2.046
MEDIA COMARCAL	1.836	1.822	2.042	1.819	2.333	2.060	1.914	2.046
MEDIA PROVINCIAL	67.414	66.104	73.535	75.513	78.214	74.378	68.929	67.494
MESÍA REXIONAL	153.837	159.822	177.544	193.191	204.436	197.736	185.370	181.094

GRÁFICO 13. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO NA COMARCA DE ORDES



CADRO 36. ÍNDICE DE PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	1984=100 % 1984/85	1984=100 % 1984/86	1984=100 % 1984/87	1984=100 % 1984/88	1984=100 % 1984/89	1984=100 % 1984/90	1984=100 % 1984/91
CERCEDA	140,73	119,27	-	126,55	103,27	100,73	110,55
FRADES	101,85	106,48	105,56	158,33	163,89	158,33	160,19
MESÍA	93,10	111,72	118,62	135,86	127,59	122,07	109,66
ORDES	104,25	112,32	114,66	118,04	103,81	90,32	97,80
OROSO	110,13	114,56	113,92	124,05	122,78	103,16	110,13
TORDOIA	72,47	81,46	93,82	107,87	114,61	114,61	147,75
TRAZO	67,65	94,85	106,62	155,88	76,47	79,41	73,53
VAL DO DUBRA	54,55	140,26	168,18	137,66	132,47	128,57	133,77
TOTAL	99,24	111,22	99,07	127,07	112,20	104,25	111,44
MEDIA COMARCAL	99,24	111,22	99,07	127,07	112,20	104,25	111,44
MEDIA PROVINCIAL	98,06	109,08	112,01	116,02	110,33	102,25	100,12
MEDIA REXIONAL	103,89	115,41	125,58	132,89	128,54	120,50	117,72

4.5.2.2.- TAXA DE PARO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

O grupo que máis paro soporta é o de estudos de segundo grao, seguido dos superiores. Nas categorías de analfabetos e sen estudos o paro é mínimo.

Para o último caso a explicación é obvia. Ese colectivo engloba todo o subemprego agrario, polo que o paro non ten significación. A orixe do paro no primeiro caso débese sobre todo ás persoas con estudos de BUP, máis que no FP, que soen ter máis posibilidades laborais. Isto é necesario remarcalo, porque a formación de bos

CADRO 37. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO POR GRUPOS DE IDADE, 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN DE 16 A 24 ANOS		POBOACIÓN DE 25 A 54 ANOS		POBOACIÓN DE 54 E MÁIS ANOS		PARADOS TOTALS	TAXA DE PARO
	PARADOS	TAXA	PARADOS	TAXA	PARADOS	TAXA		
CERCEDA	61	13,44	113	5,28	51	6,27	225	6,60
FRADES	45	18,37	82	9,79	5	2,12	132	7,91
MESÍA	81	36,16	93	11,08	13	3,55	187	13,09
ORDES	201	27,31	303	9,76	66	8,17	570	12,26
OROSO	55	22,63	121	12,67	19	7,45	195	13,42
TORDOIA	52	11,93	106	5,56	30	4,23	188	6,16
TRAZO	48	15,19	49	3,41	8	1,54	105	4,62
VAL DE DUBRA	72	22,43	72	6,07	16	4,29	160	8,51
TOTAL	615	20,67	939	7,57	208	5,09	1.762	9,05
MEDIA COMARCAL		20,67		7,57		5,09		9,05
MEDIA PROVINCIAL		33,76		14,19		10,54		16,62
MEDIA REXIONAL		34,05		13,95		9,48		16,34

profesionais de niveis intermedios é unha condición imprescindible para crea-lo clima adecuado ó desenvolvemento.

4.5.2.3.- ESTRUCTURA DO PARO POR SEXO E IDADE

A taxa de ocupación é maior nos homes que nas mulleres, como ven sendo habitual en todas partes, a pesar de que esta situación está a cambiar, porque mentres a taxa masculina decrece, a feminina vai en aumento. En canto á taxa de paro é practicamente igual (algo superior a masculina).

Os xoves (menores de 24 anos) son os que sofren as maiores taxas de paro, o que reflicte a existencia dunha poboación activa que busca o seu primeiro emprego. Entre a poboación adulta e a de máis de 55 anos o paro descende considerablemente, debido a que estes colectivos accederon ó mundo laboral xa hai tempo, a través da súa maioritaria ocupación na agricultura, aínda que na situación de subemprego xa

comentada que, en definitiva, é un paro encuberto, porque se parte desta poboación puidese acceder a outro traballo, faríao.

Do anterior conclúese que é necesaria a creación de postos de traballo para xoves, entre os que cada vez ten máis importancia a poboación feminina, nun sector distinto do agrario. É este o colectivo o que máis percibe o problema do paro, porque para o resto da poboación, e as enquisas así o sinalan, éste non é un problema urxente.

Estadísticamente, a taxa de paro nesta Comarca está por debaixo das medias provincial e rexional. Mais iso, como xa se viu, non ten máis significación que o grande subemprego no sector agrario e, polo tanto, o subdesenvolvemento económico. Por iso é necesario levar a cabo unha serie de medidas para paliar esta situación.

Dixemos que o paro afecta, sobre todo, ó colectivo de xoves -onde o subemprego é menor-. Sería conveniente dar a esta poboación a formación profesional adecuada co fin de lograr unha clase técnica e profesional, adecuada ós recursos da Comarca.

CADRO 38. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E GRANDES GRUPOS DE IDADE (1991)

MUNICIPIOS	MULLERES	MULLERES	MULLERES	MULLERES	HOMES	HOMES	HOMES	HOMES	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL
	16-24	25-54	>=55	TOTAL	16-24	25-54	>=55	TOTAL	16-24	25-54	>=55	TOTAL
CERCEDA	44,94	58,97	33,73	47,02	62,47	93,73	44,86	72,53	52,30	76,58	38,67	59,10
FRADES	37,74	38,65	30,40	30,50	71,74	94,22	44,16	69,14	55,43	68,58	24,25	50,02
MESÍA	33,64	34,48	22,83	29,10	59,22	91,42	36,63	65,24	47,46	64,69	29,16	47,26
ORDES	33,37	41,94	21,86	33,53	55,71	94,49	36,47	70,52	44,80	68,06	28,12	51,21
OROSO	37,34	38,43	15,30	29,52	65,55	92,03	37,61	70,60	51,59	65,73	25,02	49,37
TORDOIA	47,45	69,92	38,77	53,75	70,77	93,60	44,92	74,66	59,00	81,45	41,30	63,60
TRAZO	54,88	82,65	37,30	59,93	67,54	95,53	41,89	72,26	61,48	89,26	39,35	65,96
VAL DO DUBRA	23,10	21,08	11,95	17,19	71,35	94,09	33,97	69,64	49,69	59,51	21,13	42,69
TOTAL	38,51	48,80	25,58	38,06	63,32	93,82	38,80	70,79	51,34	71,83	31,33	53,87
MEDIA COMARCAL	38,51	48,80	25,58	38,06	63,32	93,82	38,80	70,79	51,34	71,83	31,33	53,87
MEDIA PROVINCIAL	34,15	46,26	15,64	33,03	49,76	93,27	33,46	66,98	42,06	69,56	23,23	49,15
MEDIA REXIONAL	35,68	47,22	16,57	33,58	52,43	93,14	33,18	66,36	44,19	70,07	23,71	49,18

Débase ter en conta a incorporación da muller ó mundo do traballo e canalizar tódalas axudas procedentes dos fondos europeos para a súa formación e capacitación.

4.6.- SÍNTESE DA ESTRUCTURA SOCIOECONÓMICA

A estrutura económica da Comarca caracterízase polos seguintes rasgos.

1.- O sector primario céntrase na explotación gandeira, concretamente o vacuno para leite e para carne. Compléntase cos novos cultivos de morango, champiñón, e outros de horta e flor. Entre outras necesidades, pódense sinalar:

- Potenciación de EXPOFEGASA, creando as instalacións adecuadas, e converténdoa en Feira Provincial ou para o Norte de Galicia, de gando saneado.

- Continuar coa concentración parcelaria.
- Aumenta-la repoboación forestal, incluso con especies autóctonas, máis maioritariamente con especies productivas; e concentra-los montes.

2.- Tendo en conta a posición de Ordes, como nó principal da Comarca, ademais da súa elevada accesibilidade, será positivo impulsar que o Parque Empresarial constitúa unha oferta de solo de calidade, con bos sistemas de conexión e infraestruturas. Iso podería contribuír a consolidar unha área económica diversificada, aproveitando as condicións xa existentes.

3.- A posición da Comarca entre A Coruña e Santiago e con fortes relacións con outras cabeceiras importantes é un factor a considerar de cara á descentralización do terciario productivo, nun medio de acollida favorable.

5.- HÁBITAT E CALIDADE DE VIDA

A finalidade deste capítulo é a de presentar, nos aspectos cuantitativos e cualitativos, a situación da Comarca en canto ó seu nivel de calidade de vida e de benestar. Para iso, acudiuse a diversos indicadores. Por unha parte, a variables económicas, e por outra, á situación das dotacións educativas e sanitarias; así mesmo, tivéronse en conta temas tan importantes de cara ó futuro, coma o da situación do planeamento urbano ou do parque de vivendas; e, por último, trátanse aspectos fundamentais para o desenvolvemento comarcal, tales coma o estado das infraestructuras e os aspectos medioambientais.

5.1.- INDICADORES ECONÓMICOS

A partir da análise das variables utilizadas (ver cadros), chégase ás seguintes conclusións:

En tódolos indicadores económicos (licencias comerciais, camións, entidades financeiras, consumo eléctrico e telefónico, ademais de número de teléfonos), a Comarca de Ordes encóntrase por debaixo da media galega e provincial, a excepción do número de entidades financeiras onde as supera lixeiramente. Sen embargo, a si-

tuación media da Comarca enmascara diferencias internas. Os municipios de Ordes e, en menor medida, Val do Dubra e Cerceda teñen unha posición máis vantaxosa, non só no contexto comarcal, senón tamén no provincial e rexional, o que indica un certo dinamismo e unhas potencialidades cara ó futuro.

Quizais o indicador menos diferenciador sexa o de entidades financeiras. A difusión destes establecementos e o reducido número de habitantes nas áreas rurais, fan que o radio entidade/1.000 habitantes sexa pouco indicativo da situación económica real.

Non se dá nesta Comarca unha polarización territorial moi acusada das actividades económicas, se ben apúntase unha tendencia crecente cara a concentración en Ordes, en particular, e nos núcleos localizados sobre a N-550, en xeral.

5.2.- INFRAESTRUCTURAS

E ben sabido que calquera tipo de infraestructuras non ten entidade en si mesmo para logra-lo desenvolvemento do territorio, máis si son determinantes para calquera acción enca-

CADRO 39. DATOS DE LICENCIAS COMERCIAIS POR 1.000 HABITANTES EN 1991

	POBOACIÓN TOTAL 91	LICENCIAS ALIMENTAC.	LICENCIAS RESTO	LICENCIAS TOTALS	LICENCIAS Alim.*1000 hab.	LICENCIAS Resto*1000 hab.
CERCEDA	5.335	51	62	113	9,56	11,62
FRADES	3.291	10	26	36	3,04	7,90
MESÍA	3.623	25	21	46	6,90	5,80
ORDES	11.467	123	213	336	10,73	18,57
OROSO	3.761	16	33	49	4,25	8,77
TORDOIA	5.350	24	34	58	4,49	6,35
TRAZO	3.796	26	22	48	6,85	5,79
VAL DO DUBRA	4.959	39	51	90	7,86	10,28
TOTAL					7,55	11,11
TOTAL COMARCAL					7,55	11,11
TOTAL PROVINCIAL					10,53	13,89
TOTAL REXIONAL					10,58	13,63

CADRO 40. CAMIÓN POR MIL HABITANTES EN 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 91	NÚMERO CAMIÓN	Nº CAMIÓN *1000Hab.
CERCEDA	5.335	127	23,81
FRADES	3.291	47	14,28
MESÍA	3.623	57	15,73
ORDES	11.467	265	23,11
OROSO	3.761	95	25,26
TORDOIA	5.350	75	14,02
TRAZO	3.796	60	15,81
VAL DE DUBRA	4.959	106	21,38
TOTAL	41.582	832	20,01
MEDIA COMARCAL			20,01
MEDIA PROVINCIAL			21,79
MEDIA REXIONAL			23,79

miñada a que o desenvolvemento consiga un éxito futuro. Neste apartado, inclúense as infraestruturas relacionadas coa accesibilidade e as que son necesarias para a implantación de determinadas actividades económicas ou para atender as necesidades da poboación residente.

5.2.1.- INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓN

Pola súa situación no Eixe A Coruña-Santiago, esta Comarca –considerada de modo global– ten unha accesibilidade alta, en relación ó que é xeral en Galicia, e máis no medio rural.

CADRO 41. ENTIDADES FINANCEIRAS

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 85	OFICINAS BANCARIAS 85	OFICINAS CAIXAS 88	BANCO E CAIXA * 1000 hab.
CERCEDA	6.478	3	2	0,77
FRADES	3.546	0	1	0,28
MESÍA	4.016	0	1	0,25
ORDES	11.676	11	3	1,20
OROSO	3.847	1	1	0,52
TORDOIA	5.181	2	2	0,77
TRAZO	4.040	1	2	0,74
VAL DO DUBRA	5.335	5	2	1,31
TOTAL	44.119	23	14	0,84
MEDIA COMARCAL	44.119	23	14	0,84
MEDIA PROVINCIAL	1.101.409	539	207	0,68
MEDIA REXIONAL	2.784.427	1,418	698	0,76

CADRO 42. CONSUMO ELÉCTRICO (TARIFA DOMÉSTICA)

MUNICIPIO	POBOACIÓN 89 TOTAL	CONSUMO 89 (KWH)	CONSUMO89 Hab. ANO	% CONSUMO COMARCAL
CERCEDA	7.251	1.890.246,00	260,69	9,97
FRADES	3.620	926.867,00	256,04	4,89
MESÍA	4.200	660.897,00	157,36	3,49
ORDES	12.070	7.439.971,00	616,40	39,26
OROSO	4.121	1.598.171,00	387,81	8,43
TORDOIA	6.059	1.998.113,00	329,78	10,54
TRAZO	4.987	1.727.365,00	346,37	9,11
VAL DO DUBRA	6.167	2.709.970,00	439,43	14,30
TOTAL	48.475	18.951.600,00	390,96	100,00
MEDIA COMARCAL	48.475	18.951.600,00	390,96	100,00
MEDIA PROVINCIAL	1.133.676	724.940.477,80	639,46	
MEDIA REXIONAL	2.896.774	1.631.236.732,80	563,12	

CADRO 43. TELÉFONOS POR MIL HABITANTES EN 1986

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 86	NÚMERO TELÉFONOS	Nº TELÉFONOS *1000Hab.
CERCEDA	6.478	541	83,51
FRADES	3.546	4	3,95
MESÍA	4.016	332	82,67
ORDES	11.676	860	73,66
OROSO	3.847	577	149,99
TORDOIA	5.181	473	91,30
TRAZO	54.040	99	24,51
VAL DE DUBRA	5.335	615	115,28
TOTAL	44.119	3.511	79,58
MEDIA COMARCAL			79,58
MEDIA PROVINCIAL			305,42
MEDIA REXIONAL			227,11

CADRO 44. DEFICIENCIAS NO SERVICIO TELEFÓNICO

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	DISTANCIA Km. TEL. + PRÓX.
CERCEDA	6.478	1,44
FRADES	3.546	0,35
MESÍA	4.016	1,36
ORDES	11.676	0,72
OROSO	3.847	4,01
TORDOIA	5.181	0,97
TRAZO	4.040	0,72
VAL DO DUBRA	5.335	1,16
TOTAL	44.119	1,34

CADRO 45. FACTURACIÓN TELEFÓNICA EN 1989

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 89 TOTAL	FACTURACIÓN TELF. miles de ptas.	FACTURACIÓN TELF. * 1000 Hb.
CERCEDA	7.251	30.865,70	4.256,75
FRADES	3.620	9.367,90	2.587,82
MESÍA	4.200	5.809,60	1.383,24
ORDES	12.070	97.780,80	8.101,14
OROSO	4.121	19.220,60	4.664,06
TORDOIA	6.059	14.906,50	2.460,22
TRAZO	4.987	7.332,60	1.470,34
VAL DE DUBRA	6.167	24.918,30	4.040,59
TOTAL	48.475	210.202,00	4.336,30
MEDIA COMARCAL			4.336,30
MEDIA PROVINCIAL			12.357,39
MEDIA REXIONAL			11.167,26

O conxunto da rede viaria artículase dun xeito xerárquico, en primeiro lugar figura a N-550 A Coruña-Tui e, en segundo lugar a N-554 Santiago-Guitiriz e, a partir destas organizase o conxunto da rede viaria comarcal. Mención aparte merece o tramo da autoestrada A-9 (A Coruña-Vigo) que atravesa de norte a sur a Comarca.

Cunha importancia menor, figuran as estradas comarcais C-542 (Mesón do Vento-Betanzos) e a estrada entre Ordes e Carballo, que se converterá nunha vía de conexión moi importante, cando se remate a autovía de Carballo.

Aínda que existen diferencias entre os municipios, en canto á dotación de comunicacións terrestres, non se pode falar en ningún caso de illamento, se ben é moi importante o eixe de comunicacións Este-Oeste, en concreto a estrada de Carballo-Ordes, para correxi-lo excesivo carácter lineal da accesibilidade.

Tamén resulta conveniente mellora-la estrada que pon en comunicación esta Comarca coa de Melide-Arzúa, unindo os principais núcleos de poboación.

As estradas principais, especialmente a N-550, manifestan, sen embargo, problemas graves de tráfico na maioría dos municipios polos que pasan e existen ademais núcleos urbanos nas súas inmediacións. Tal é o caso de Ordes, sobre o que se prevé unha circunvalación, que non se debería demorar.

Débense realizar melloras -xa previstas- no trazo e ampliación da N-550 en Herves (Carral) polo seu trazo sinuoso, que dificulta a fluencia de comunicacións coa área metropolitana da Coruña.

O ferrocarril é tamén de grande importancia nas comunicacións extracomarcais (A Coruña-Santiago-Vigo), mais case non ten incidencia nas comunicacións intracomarcais.

O transporte nesta Comarca está organizado por medio de empresas de viaxeiros por autobús, que a comunican coa Coruña, Santiago, Lugo, e Carballo. Non se detectan déficits importantes.


O servizo de teléfono deixa sen cubrir áreas do espacio comarcal. Sen embargo, en 1992 in-



UNHA BOA REDE DE COMUNICACIÓNS É BÁSICA PARA A CONSECUCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DUNHA ÁREA

CADRO 46. ESTADO DAS ESTRADAS


MUNICIPIO	Km. TOTAIS	Km. BO FIRME	Km. ANCHO > 7 m	% Km. BO FIRME	% Km. ANCHO > 7 m.
CERCEDA	77,3	0,0	1,3	0,00	1,68
FRADES	37,9	4,7	4,4	12,40	11,61
MESÍA	42,4	0,0	9,1	0,00	21,46
ORDES	131,0	25,8	24,8	19,69	18,93
OROSO	48,6	7,4	7,8	15,23	16,05
TORDOIA	89,3	0,0	0,0	0,00	0,00
TRAZO	60,9	0,0	0,0	0,00	0,00
VAL DO DUBRA	83,1	0,0	10,3	0,00	12,39
TOTAL	570,5	37,9	57,7	6,64	10,11
MEDIA COMARCAL	570,5	37,9	57,7	6,64	10,11
MEDIA PROVNCIAL				12,63	12,33
MEDIA REXIONAL				24,40	9,00
MEDIA NACIONAL				33,13	11,03




REDE VIARIA PROPOSTA NO DOCUMENTO DE SÍNTESE DO PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA (DEC/ 1990)

RE DE ESTATAL		RE DE AUTONÓMICA	
	Autoestrada		Primaria básica
	Res to rede		Primaria complementaria
			Primaria secundaria


MAPA 11



MAPA 12



MAPA 13



ÁREAS DE RELACIÓN COA COMARCA DE ORDES
POR TRANSPORTE DE AUTOBUSES

MAPA 14

CADRO 47. RECEPCIÓN DE EMISIÓNS

MUNICIPIO	RECEPCIÓN TV 1	RECEPCIÓN TV 2	RECEPCIÓN TVG	RECEPCIÓN FM
CERCEDA	BEN	BEN	BEN	BEN
FRADES	BEN	BEN	BEN	BEN
MESÍA	BEN	BEN	BEN	BEN
ORDES	BEN	BEN	REGULAR	BEN
OROSO	BEN	BEN	BEN	BEN
TORDOIA	REGULAR	REGULAR	MAL	BEN
TRAZO	BEN	BEN	BEN	BEN
VALDO DUBRA	BEN	BEN	MAL	BEN
BEN	87,50%	87,50%	62,50%	100,00%
MAL	0,00%	0,00%	25,00%	0,00%
REGULAR	12,50%	12,50%	12,50%	0,00%

vertíronse 67 millóns de ptas. en telefonía rural, desglosados do modo seguinte:

CADRO 48. INVERSIÓN EN TELEFONÍA RURAL (1992)

MUNICIPIOS	Mill. de ptas.
Cerceda.....	7,5
Frades.....	29,5
Mesía.....	12,0
Oroso.....	18,0
Tordoia.....	56,0
Trazo.....	25,5
Val do Dubra.....	19,0
TOTAL.....	167,5

Dada a prioridade que ten esta Comarca Piloto, a electrificación rural verase completa a curto prazo.

5.2.2.- OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

En canto a infraestructuras básicas coma rede de saneamento, abastecemento de auga, alumado, pavimentación, etc., ocorre o propio de zonas de poboamento disperso, que dificulta -por non dicir que imposibilita- estender este tipo de servizos a toda a poboación..

Esa é a razón fundamental pola que a Comarca ten unha elevada porcentaxe de vivendas con saneamento autónomo (o que supón o 55% da poboación, fronte ó 15% da media española) ou con abastecemento de auga do mesmo tipo (73% das vivendas, mentres a nacional é do 5%). Polo contrario, a Comarca está mellor dotada de iluminación pública, porque a maioría dos núcleos conta con dito servizo. Non así a pavimentación do solo urbano, mais sen amosa-las claras deficiencias da rede de auga ou de saneamento. Quizais o máis favorable sexa o grao de accesibilidade dos núcleos de poboación, a través de pistas de concentra-

ción, camiños forestais e vías provinciais, ademais das estradas.

No que se refire a electrificación rural, e ata 1994, prevese a inversión, pola Consellería de Industria, de 1.919 millóns de pesetas, coa distribución que se sinala a continuación:

CADRO 49. INVERSIÓN EN ELECTRIFICACIÓN RURAL

MUNICIPIOS	Mill. de ptas.
Ordes.....	399
Cerceda.....	229
Frades.....	187
Mesía.....	321
Oroso.....	193
Tordoia.....	227
Trazo.....	182
Val do Dubra.....	181
TOTAL.....	1.919

CADRO 50. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

MUNICIPIO	Poboación	Vivendas	Vivendas	% Vivendas
	Total 86	Total 81	Aba. Aut.	Aba. Aut.
CERCEDA	6.478	2.455	2.416	98,41
FRADES	3.546	827	583	70,50
MESÍA	4.016	1.340	1.253	93,51
ORDES	11.676	4.729	2.407	50,90
OROSO	3.847	964	556	57,68
TORDOIA	5.181	1.815	1.500	82,64
TRAZO	4.040	986	790	80,12
VAL DO DUBRA	5.335	1.728	1.460	84,49
TOTAL	44.119	14.844	10.965	73,86 %
MEDIA COMARCAL				73,86 %
MEDIA REXIONAL				31,54 %
MEDIA NACIONAL				5,01 %

CADRO 51. ESTADO DA REDE DE SUMIDOIROS

MUNICIPIO	CALIDADE SUMIDOIROS	ESTADO SUMIDOIROS
CERCEDA	Deficiente	Regular
FRADES	Aceptable	Regular
MESÍA		
ORDES	Bó	Bó
OROSO	Bó	Bó
TORDOIA	Bó	Bó
TRAZO	Aceptable	Regular
VAL DO DUBRA	Aceptable	Regular
MEDIA COMARCAL		
BEN		57,14 %
MAL		0,00 %
REGULAR		42,86 %
MEDIA REXIONAL		
BEN		50,06 %
MAL		5,49 %
REGULAR		44,45 %
MEDIA NACIONAL		
BEN		67,32 %
MAL		7,91 %
REGULAR		24,77 %

CADRO 52. GRAO DE SANEAMENTO AUTÓNOMO, 1987

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	SAN. AUT. POBOACIÓN	SAN. AUT. VIVENDAS	% SAN. AUT. POBOACIÓN	% SAN. AUT. VIVENDAS
CERCEDA	6.486	2.455	3.404	1.273	52,48	51,85
FRADES	3.546	827	1.020	266	28,76	32,16
MESÍA	4.016	1.340	3.807	1.220	94,80	91,04
ORDES	11.676	4.729	5.123	1.728	43,88	36,54
OROSO	3.847	964	2.370	631	61,61	65,46
TORDOIA	5.181	1.815	2.889	935	55,76	51,52
TRAZO	4.040	986	2.223	499	55,02	50,61
VAL DE DUBRA	5.335	1.728	3.820	1.175	71,60	68,00
TOTAL	44.127	14.844	24.656	7.727	55,87 %	52,05 %
MEDIA COMARCAL					55,87 %	52,05 %
MEDIA REXIONAL					39,58 %	34,27 %
MEDIA NACIONAL					15,60 %	11,21 %

CADRO 53. SERVICIO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA, 1987

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	VIVENDAS AFECTADAS	% VIVENDAS AFECTADAS	CALIDADE SERVICIO
CERCEDA	6.478	2.455	849	34,58	REGULAR
FRADES	3.546	827	734	88,75	REGULAR
MESÍA	4.016	1.340	658	49,10	REGULAR
ORDES	11.676	4.729	2.838	60,01	BO
OROSO	3.847	964	287	29,77	BO
TORDOIA	5.181	1.815	1.138	62,70	REGULAR
TRAZO	4.040	986	156	15,82	REGULAR
VAL DE DUBRA	5.335	1.728	133	7,70	MAL
TOTAL	44.119	14.844	6.793	45,76 %	
BEN					62,50 %
MAL					25,00 %
REGULAR					12,50 %
MEDIA COMARCAL				45,76 %	
MEDIA REXIONAL				19,13 %	
MEDIA NACIONAL				4,60 %	

CADRO 54. DÉFICIT DE PAVIMENTACIÓN NO SOLO URBANO, 1987

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	SUPERFICIE m ² TOTAL	SUPERFICIE m ² NON PAV.	% NON PAVIM. POR VIVENDA	% SUPERFICIE NON PAVIM.
CERCEDA	6.478	2.455	96.300	30.200	8,13	31,36
FRADES	3.546	827	17.300	6.300	13,13	36,42
MESÍA	4.016	1.340	18.400	600	223,33	3,26
ORDES	11.676	4.729	243.300	64.800	7,30	26,63
OROSO	3.847	964	32.600	11.800	8,17	36,20
TORDOIA	5.181	1.815	66.700	15.700	11,56	23,54
TRAZO	4.040	986	47.200	19.600	5,03	41,53
VAL DE DUBRA	5.335	1.728	91.600	18.600	9,29	20,31
TOTAL	44.119	14.844	613.400	167.600	8,85 %	27,32 %
MEDIA COMARCAL					8,85 %	27,32 %
MEDIA REXIONAL					15,68 %	21,77 %
MEDIA NACIONAL					14,00 %	24,68 %

5.3.- VIVENDA E PLANEAMENTO URBANO

Como sinalamos con anterioridade, estes aspectos son fundamentais para o futuro da Comarca e, polo tanto, débense contemplar en calquera acción de desenvolvemento. Calquera medida, no campo do planeamento urbano, que contribúa ó crecemento ordenado dos núcleos será un beneficio de cara ó futuro (tanto en calidade de servizos coma en aspectos medioambientais).

5.3.1.- PARQUE DE VIVENDAS

Segundo os Cuestionarios de Recoñecemento Territorial, parece que a demanda de vivenda está cuberta co parque existente. O maior problema é o desorde nas construcións e a mestura de usos residenciais e productivos de modo in-

discriminado. A isto hai que engadir, e salvo algúns casos, a deficiente calidade de deseño, coa adopción de formas traídas do exterior e sen ter en conta a arquitectura tradicional da Comarca, nin tampouco os materiais e tipoloxías. Un exemplo diso é a profusa utilización de fibrocemento en cubertas, con inclinación inadecuada de faldóns, tratamento de medianeiras, etc.


A maioría das vivendas son de ocupación principal, mentres que as vivendas secundarias pertencen, xeralmente, á poboación emigrada a outros lugares de España, ó estranxeiro ou ó resto de Galicia, e que pasa aquí o verán.

As vivendas desocupadas soen ser casas rurais e, na maioría dos casos, están nun estado deficiente de conservación. No municipio de Ordes, sen embargo, está máis en relación cos pisos vacíos de recente construción, moitos dos cales foron mercados por emigrantes.

CADRO 55. DISTRIBUCIÓN DA VIVENDA, 1991

MUNICIPIO	% VIVENDAS PRINCIPAIS	% VIVENDAS SECUNDARIAS	% VIVENDAS DESOCUPADAS	% OUTRAS NON CONSTAN
CERCEDA	75,80	1,46	22,74	0,00
FRADES	80,43	9,68	9,48	0,41
MESÍA	73,68	10,48	15,84	0,00
ORDES	64,89	0,00	35,11	0,00
OROSO	66,98	4,67	11,40	16,95
TORDOIA	86,06	0,00	13,94	0,00
TRAZO	82,92	6,44	10,47	0,18
VAL DO DUBRA	68,95	9,04	22,01	0,00
TOTAL	72,47	3,79	22,18	1,56
MEDIA COMARCAL	72,47	3,79	22,18	1,56
MEDIA PROVINCIAL	70,39	9,25	18,16	2,20
MEDIA REXIONAL	69,49	10,84	17,32	2,35

GRÁFICO 14. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DE ORDES



5.3.2.- ESTADO DO PLANEAMENTO URBANO

O estado do planeamento nos municipios da Comarca é o seguinte:

- CERCEDA. Existen Normas Subsidiarias de Planeamento, publicadas o 15.10.80. Actualmente están en revisión; o equipo redactor está dirixido por Luis Couto González. Obtivo a aprobación inicial (13.2.91).
- FRADES. Actualmente sen Planeamento. Contratouse unha DSU, (EUSYA). Aprobación inicial 27.3.79.
- MESÍA. Están en vigor as Normas Subsidiarias de 1987. O equipo redactor estivo dirixido por Juan González-Cebrián Tello. Na actualidade non existe ningún Plan en redacción.
- ORDES. Ten Normas Subsidiarias de Planeamento. Aprobación do 14.3.84. Equipo de Cebrián Tello.
- OROSO. Hai Normas Subsidiarias da Oficina de Planeamento (aprobación inicial 19.6.82). Contratouse a revisión destas normas a Luis Couto González.
- TORDOIA. En 1979 aprobáronse as Normas de Delimitación do Solo Urbano, da Oficina de Planeamento. Na actualidade non existe ningún Plan en redacción.
- TRAZO. Contratouse a redacción das Normas Subsidiarias de Planeamento a Juan Rico Lenza. Recibiu a aprobación provisional o 30.3.85.
- VAL DO DUBRA. Existen Normas Subsidiarias Municipais (MONSA 20.5.78). Contratouse a revisión destas Normas a Luis Couto González; en 1989 fíxose unha exposición de avance.

En conxunto obsérvanse unha serie de déficits neste campo, que convén subsanar antes de iniciar outro tipo de accións. De feito, por

parte dos Concellos, hai unha petición xeneralizada de revisión do Planeamento así coma de unha maior dotación de solo industrial.

Por outra banda, as Normas de Planeamento da Xunta (1990) dividen o territorio galego en dúas áreas, que se determinan en función do grao de complexidade urbanística existente. Na Comarca, os municipios que as integran son os seguintes:

Área 1: integrada polos municipios de complexidade urbanística normal. Na Comarca corresponde a Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo.

Área 2: integrada polos que teñen un alto grao de complexidade urbanística e que, nesta Comarca, son Cerceda, Ordes e Val do Dubra.

En cada unha das mesmas aplicarase a correspondente normativa reguladora de usos do solo e da edificación.

5.3.3.- PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO

A conservación e restauración de monumentos e edificios do patrimonio histórico-artístico, así coma dos seus arredores, desempeñará un importante papel como conformadores do potencial turístico. A caza e a pesca, ademais das paisaxes naturais, completarán este tipo de aproveitamento.

A continuación, preséntase unha relación do inventario correspondente a cada un dos municipios que forman a Comarca de Ordes. Os espazos naturais con interese paisaxístico especificaranse na segunda parte deste traballo.

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE CERCEDA		INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE FRADES	
Castrexo	Arqueoloxía	Arquitectura relixiosa	Arte
Denominación	Parroquia/Lugar:	Igrexas, capelas e ermidas.	
Castro do Coto de Guichar	Encrobas	Denominación	Parroquia/Lugar:
Castro de Cerceda	Cerceda	Ermida de Santo Antón	Abellá
Arquitectura relixiosa	Arte	Ermida de San Andrés	Aiazo
Igrexas, capelas e ermidas.		Ermida de San Paio	Añá
Denominación	Parroquia/Lugar:	Ermida da ugas Santas	Céltigos
San Román das Encrobas	As Encrobas	Ermida de San Nicolás	Frades
Santo Andrés de Meirama	Meirama	Ermida de San Amaro	Frades
San Martiño de Rodís	Rodís	Ermida de San Roque	Moar
		Ermida das Virtudes	Vitre
Arquitectura civil	Arte	Arquitectura civil	Arte
Arquitectura brasonada		Arquitectura brasonada	
Denominación	Parroquia/Lugar:	Denominación	Parroquia/Lugar:
Pazo de Lavandeiras	Cerceda	Pazo de Penasco	Abellá
Pazo de Gotón	As Encrobas	Pazo de Casal	Casal
Pazo de Meirama	Meirama	Pazo de San Martiño	
Torre de Boedo	Queixas	de Galegos	Frades
		Pazo de Galegos	Galegos

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE MESÍA**

Arquitectura relixiosa	Arte
Igrexas, capelas e ermidas.	
Denominación	Parroquia/Lugar:
Igrexa da Ibixoi	Mesía
Igrexa de Bascoi	Mesía
Igrexa de Boado	Mesía
Igrexa de Bruma	Mesía
Igrexa de Cabrui	Mesía
Igrexa de Castro	Mesía
Igrexa de Cumbraos	Mesía
Igrexa de Lanza	Mesía
San Cristovo	Mesía
Igrexa de Olas	Mesía
Igrexa de Visantón	Mesía
Igrexa de Xanceda	Mesía
Ermida de San Gregorio	Cabrui
Ermida da Merced	Mesía

Arquitectura civil	Arte
Arquitectura brasonada	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Casa de Lago	Castro
Casa grande	Xaceda
Pazo de Recelle	Mesía
Arquitectura do pan	Etnografía
Hórreos	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Hórreos	Xanceda

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE ORDES**

Megalítico	Arqueoloxía
Mámoas e dólmenes	
Denominación	Parroquia/Lugar:
Mámoas de Sta. Cruz de Montaos	Montaos
Castrexo	Arqueoloxía
Asentamentos e materiais	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Castro Maior	Ardemil
Castro de Carrás	Montaos
Castro de Seidón	Ordes

Arquitectura relixiosa	Arte
Igrexas, capelas e ermidas.	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Ermida de San Xosé	Ardemil
Ermida de san Xosé	Buscás
Ermida de Sto. Cristo	Leira
Ermida de Santo Antón	Montaos
Igrexa da Virxe de Lourdes	Ordes
Capela da Merced	Poulo
Ermida do Socorro	Vilamaior

Arquitectura civil	Arte
Arquitectura brasonada.	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Casa do Bidueiro	Ordes
Pazo de Codesada	Leira

Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Cruceiro	No pobo

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE OROSO**

Megalítico	Arqueoloxía
Denominación	Parroquia/Lugar:
Mámoa de Vilar de Arriba	Deixebre
Castrexo	Arqueoloxía
Asentamentos e materiais	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Castro de Vilabarro	Deixebre
Castro de Marzoa	Marzoa

Arquitectura relixiosa	Arte
Igrexas, capelas e ermidas	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Capela de Sta. Margarida	Deixebre
Ermida de Sta. Catalina	Sigüeiro
Parroquial de Santalla de Sava	Senra
Ermida de San Román	Trasmonte

Arquitectura civil	Arte
Arquitectura brasonada	
Denominación	Parroquia/Lugar:
Pazo de Meixime	Oroso

Cruceiros e petos de ánimas	Etnografía
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Cruceiro de Oroso	Oroso

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE TORDOIA**

Neolítico	Arqueoloxía
Denominación	Parroquia/Lugar:
machados de cuarcita	Andoio
Megalítico	Arqueoloxía
Mámoas e dólmenes	
Denominación	Parroquia/Lugar:
Dólmen de Cabaleiros	Pontepedra
Bronce	Arqueoloxía
Denominación	Parroquia/Lugar:
Machados de tope	Bardaos
Castrexo	Arqueoloxía
Asentamentos e materiais	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Os Castrexo	Andoio
Castro de Brandñoas	Anxeriz
Castro de Ouxes	Anxeriz
Castro de Croa	Bardaos
Castrillón	Cabaleiros
Castro de Cabaleiros	Cabaleiros
Petón dos Mouros	Castenda
As Croas	Castenda
Castro de Vilarbó	Gorgullos
O Castro	Gorgullos
Os Castros	Leobalde
Casas do Castro	Numide
Castro de Liste	Numide
Castro de Tordoia	Tordoia
Castro de Viladabade	Viladabade

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE TRAZO**

Castrexo	Arqueoloxía
Denominación	Parroquia/Lugar:
Castro de Lestrove	Benza

**INVENTARIO PATRIMONIO
HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DO CONCELLO DE FRADES**

Castrexo	Arqueoloxía
Asentamentos e materiais	
Denominación	Parroquia/Lugar:
Castro de Portomeiro	Portomeiro
Castro de Buxán	Buxán
Castro de Niveiro	Niveiro
Castro de Rial	Rial
Castro de Pazo	Pazo
Castro en Páramos	Páramos
Castro en Portomouro	Portomouro
Castro en Malvares	Rial
Sepulturas Pedra do Home	Portomouro
Arquitectura relixiosa	Arte
Igrexas, capelas e ermidas.	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Parroquial de Buxán	Buxán
Parroquial de San Martiño	Coucieiro
San Cristovo de Erviñou	Erviñou
Ermida de San Xosé	Erviñou
Ermida de Santo Antón	Niveiro
Ermida de San Lourenzo	Niveiro
Ermida de Santo Estevo	Rial
Ermida de San Xoán	Rial
Ermida do Espirito Santo	Rial
Arquitectura civil	Arte
Arquitectura brasonada	
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Casa de Buxán	Buxán
Pazo de Cernadas	Portomouro
Casa de Rial	Rial
Fontes	Arte
Denominación:	Parroquia/Lugar:
Niveiro do Medio	Niveiro
Cañotas	Buxán

5.4.- SERVICIOS EDUCATIVOS, SANITARIOS E SOCIAIS

Este apartado destinase a informar acerca da situación das dotacións existentes na Comarca, que ten unha importancia evidente para o servizo da poboación.

5.4.1.- SERVICIOS EDUCATIVOS

A oferta educativa comarcal inclúe tódolos niveis establecidos. No que respecta á educación Preescolar, o número de unidades existentes na Comarca é de 30. Deste total, 5 unidades son Escolas Unitarias. O resto, é dicir, 25 unidades están situadas en centros de E.X.B. nos que se imparten conxuntamente ambos niveis educativos.

Das 30 unidades de Preescolar, unha pertence a un centro privado de Frades, no Lugar de Pazo de Galegos, e as restantes son de titularidade pública. A taxa de escolarización nesta Comarca é do 94,67%, taxa plenamente satisfactoria tendo en conta a non obrigatoriedade deste nivel.

A Educación Xeral Básica, con 214 unidades repartidas en 59 centros públicos e un centro privado, está totalmente cuberta, de tal xeito que a taxa de escolarización é do 100%. A ratio alumno/profesor non supera nunca o valor 2,1, o que indica unha situación adecuada para a debida atención ó alumno. De todos modos, os valores máis baixos débense ó descenso de alumnos, como consecuencia das baixas taxas de natalidade/fecundidade.

En Ordes funciona un Centro de Recursos que actúa coma depositario do equipo reprográfico e audiovisual, ó tempo que confecciona material desta natureza e procede á distribución do mesmo entre os centros docentes.

Existe, por outra parte, e de recente creación -Orde do 21 de xaneiro de 1991- un equipo Psicopedagóxico e de Orientación Educativa composto por tres especialistas, a saber, un psicólogo, un pedagogo e un logopeda.

Tamén existe unha atención á Educación Especial valéndose de 12 unidades en centros de E.X.B.

Para o nivel de Bacharelato Unificado Polivalente hai un Instituto de BUP en Ordes de 640 postos escolares e 629 alumnos, onde acude a poboación escolar da Comarca.

No nivel de Formación Profesional, hai un Centro Público en Ordes con 360 postos escolares e 130 alumnos. Na actualidade, no primeiro grao de F.P. impártense as Ramas de Moda e Confección con dous cursos, mentres que no segundo grao de F.P. impártese a Especialidade de Confección Industrial Prendas Exteriores, con tres cursos.

Por outra banda hai unha Sección de Formación Profesional en Cerceda con 120 postos escolares (e só 30 alumnos) nos que se imparten as Ramas de Administrativo Comercial e Electricidade, no primeiro grao de F.P.

Entre o Bacharelato e a Formación Profesional, é dicir, para o conxunto das actuais ensinanzas Medias, a taxa de escolarización é do 18,49%, divididas nun 14,38% para BUP-COU e un 4,11% para F.P. Trátase dunha taxa claramente baixa, mais que, unha vez implantada a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, aumentará.

En Ordes tamén existía unha extensión do Conservatorio de Música de Santiago que cesou nas súas actividades.

É preciso mencionar, coma punto final a esta exposición que a aplicación da recentemente aprobada Lei de Ordenación General del Sistema Educativo (L.O.G.S.E.) fará necesario

CADRO 56. CENTROS DE EDUCACIÓN XERAL BÁSICA, 1990

MUNICIPIO	PÚBLICOS			PRIVADOS			TOTAL			Alumnos/ Profesores
	Nº Centros	Nº Alumnos	Nº Profesores	Nº Centros	Nº Alumnos	Nº Profesores	Nº Centros	Nº Alumnos	Nº Profesores	
CERCEDA	6	782	48	0	0	0	6	782	48	16,29
FRADES	3	475	24	1	23	3	4	498	27	18,44
MESÍA	10	538	39	0	0	0	10	538	39	13,79
ORDES	17	2.015	97	0	0	0	17	2.015	97	20,77
OROSO	10	586	33	0	0	0	10	586	33	17,76
TORDOIA	5	409	28	0	0	0	5	409	28	14,61
TRAZO	6	612	31	0	0	0	6	612	31	19,74
VAL DO DUBRA	2	744	46	0	0	0	2	744	46	16,17
TOTAL	59	6.161	346	1	23	3	60	6.184	349	17,72
MEDIA COMARCAL	59	6.161	346	1	23	3	60	6.184	349	17,72
MEDIA PROVINCIAL	541	110.058	5.758	21	4.047	408	646	157.206	8.405	18,70
MEDIA REXIONAL	1.133	273.957	14.808	41	7.949	780	1.384	384.532	20.528	18,72

CADRO 57. UNIDADES DE EDUCACIÓN 1988-89

MUNICIPIO	POBOACIÓN DEREITO 88	Nº UNIDADES PREESCOLAR	Nº UNIDADES E.X.B.	Nº UNIDADES PREES. +E.X.B.	U. PREESCOLAR *1000 Hab.	U. E.X.B. *1000 Hab.
CERCEDA	7.409	4	32	36	0,54	4,32
FRADES	3.627	4	19	23	1,10	5,24
MESÍA	4.240	2	25	27	0,47	5,90
ORDES	12.069	9	65	74	0,75	5,39
OROSO	4.110	1	23	24	0,24	5,60
TORDOIA	6.073	3	19	22	0,49	3,13
TRAZO	5.007	2	22	24	0,40	4,39
VAL DO DUBRA	6.196	7	36	43	1,13	5,81
TOTAL	48.731	32	241	273	0,66	4,95
MEDIA COMARCAL					0,66	4,95
MEDIA PROVINCIAL					0,89	4,45
MEDIA REXIONAL					0,92	4,46

introducir na configuración actual as modificacións necesarias para a adaptación da mesma ó novo ordenamento.

5.4.2.- SERVICIOS SANITARIOS E SERVICIOS SOCIAIS

Nesta Comarca, os servicios sanitarios son, practicamente, os de nivel básico. A súa cercanía a Santiago e A Coruña facilita que poidan acudir ós respectivos hospitais e centros sanitarios para case tódolos niveis de atención. En Ordes hai, ademais, asistencia privada á que tamén acuden os habitantes da Comarca.

Tal como se pode observar polos datos adxuntos, os programas de atención ós distintos grupos de necesitados non son suficientes na Comarca, seguíndose as mesmas pautas que na provincia e Galicia.

Chaman a atención as carencias de equipamentos para atende-la poboación anciá, sendo

unha Comarca caracterizada por un envellecemento crecente.

O mesmo cabería dicir da carencia de programas dirixidos ó colectivo feminino, nunha área rural onde esta poboación é importante, cunha grande representatividade na agricultura familiar.

A poboación é consciente destas carencias, demandando especificamente centros da Terceira Idade e culturais para a xuventude.

5.5.- SERVICIOS DE OCIO E ESPAREXEMENTO

A dotación de instalacións deportivas de propiedade pública é escasa. As instalacións máis frecuentes son os campos de fútbol e os polideportivos nos municipios de : Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso e Val do Dubra.

En conxunto os mellor dotados da Comarca son: Cerceda (que, ademais do polideportivo cu-

CADRO 58. DOTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS

CONCELLOS QUE ABRANGUE	SERV. SOCIAIS DE BASE	OUTROS EQUIP. P. CONCERTADO Albergue/C. Acoll.	CENTROS SERV. SOC.	CENTROS 1º INFANC.	CENTROS MENORES	CENTROS MINUSVÁL.	FOGAR 3º IDADE	RESIDENCIAS 3º IDADE	TOTAL SERV. SOC.	POBOACIÓN 1991
CERCEDA	1	0	0	0	0	0	0	0	1	5.347
FRADES	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3.291
MESÍA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3.631
ORDES	0	0	0	0	0	0	0	0	0	11.693
OROSO	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3.761
TORDOIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5.350
VAL DO DUBRA	1	0	0	0	0	0	0	0	1	4.959
Manc. de Ordes(3)	1	0	0	0	0	0	0	0	1	
COMARCA	3	0	0	0	0	0	0	0	3	41.828
GALICIA	173	7	36	22	11	(1) 8	10	18	285	2.720.445
PROVINCIA	68	4	10	8	4	(2) 3	4	5	106	1.097.511

(1) Están incluídos os 6 Centros Base para minusválidos

(2) Están incluídos os 2 Centros Base para minusválidos

(3) Estes datos corresponden á Moncomunidade de Ordes, con sede en Ordes e que abroga os concellos de Ordes, Oroso, Frades, Mesía, Tordoia e Trozo

CADRO 59. INSTALACIÓNS PÚBLICAS CULTURAIS E DE ESPAREXEMENTO

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL	NÚMERO PARQUES	NÚMERO CENTR. CULT.	PARQUES /1000 Hb.	CENTR. CULT. /1000 Hb
CERCEDA	6.478	0	1	0,00	0,15
FRADES	3.546	0	0	0,00	0,00
MESÍA	4.016	0	0	0,00	0,00
ORDES	11.676	2	0	0,17	0,00
OROSO	3.847	0	1	0,00	0,26
TORDOIA	5.181	0	0	0,00	0,00
TRAZO	4.040	0	1	0,00	0,25
VAL DO DUBRA	5.335	1	0	0,19	0,00
TOTAL	44.119	3	3	0,07	0,07

berto, conta cunha piscina, e pista de atletismo) e Ordes (pavillón polideportivo cuberto e piscina).

Completan este cadro algunhas instalacións privadas, con piscinas e algún ximnasio.

5.6.- OUTROS SERVICIOS DIVERSOS

Neste apartado englobáronse servicios relativos á limpeza e recollida de lixo, bombeiros e matadoiros. En conxunto, obsérvanse algúns

déficits; especialmente grave é a carencia no servicio de recollida de lixo, que supera o 80% (86,64) da poboación non servida (sendo Trazo, Mesía, Tordoia e Frades o 100%). O servicio de bombeiros só conta cun pequeno parque e un plantel de dúas persoas en Ordes e as deficiencias no servicio de matadoiro son de similar magnitude, existindo un en Ordes, mais nun estado sanitario calificado de regular e que, en consecuencia, non cumpre as normas sanitarias vixentes na CEE. Esta deficiencia é particularmente grave nunha Comarca gandeira e

CADRO 60. LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	POBOACIÓN SEN RECOLLIDA	% POBOACIÓN AFECTADA
CERCEDA	6.486	5.629	86,79
FRADES	3.546	3.546	100,00
MESÍA	4.016	4.016	100,00
ORDES	11.676	7.311	62,62
OROSO	3.847	3.334	86,66
TORDOIA	5.181	5.181	100,00
TRAZO	4.040	4.040	100,00
VAL DO DUBRA	5.335	5.179	97,08
TOTAL	44.127	38.236	86,64 %

CADRO 61. SERVICIO DE BOMBEIROS

MUNICIPIO	PARQUE (SI/NON)	PERSONAL PLANTILLA
CERCEDA	NON	0
FRADES	NON	0
MESÍA	NON	0
ORDES	SI	2
OROSO	NON	0
TORDOIA	NON	0
TRAZO	NON	0
VAL DO DUBRA	NON	0
TOTAL		2
SI	12,50 %	
NO	85,50 %	

que pretende mellora-la calidade da carne. De todos xeitos, este servizo é realizado por un matadoiro industrial localizado no cercano municipio de Culleredo (Comarca de A Coruña).

5.7.- NIVEL DE RENDA

Esta Comarca (que ten o 4% e o 1,58% da poboación provincial e rexional, respectiva-

CADRO 62. SERVICIO DE MATADOIROS


MUNICIPIO	NÚMERO DE MATADOIROS	ESTADO MATADOIROS	CUMPRE NORMAS
CERCEDA	0		
FRADES	0		
MESÍA	0		
ORDES	1	REGULAR	NO
OROSO	0		
TORDOIA	0		
TRAZO	0		
VAL DO DUBRA	0		
TOTAL	1		
BEN		0,00 %	
MAL		0,00 %	
REGULAR		100,00 %	
SI			0,00 %
NON			100,00 %

mente) contribúe á formación da Renda Familiar Disponible provincial e rexional co 3,07% e o 1,23% respectivamente. Estes datos indican que a situación económica da Comarca é, en conxunto, algo inferior á dos seus arredores. Incluso ó longo da década dos 80 houbo un descenso na RFD por habitante e ano.

Sen embargo, existen diferencias intracomarcais, se ben en ningún caso se chegan a su-

CADRO 63. RENDA FAMILIAR DISPONIBLE MUNICIPAL (MILLÓNS DE PESETAS DO 82)

MUNICIPIOS	RENDA habs.	RENDA habs.	RENDA habs.	REND. FAM. DISP. B2	REND. FAM. DISP. 82
CERCEDA	1.946	1.743	1.868	277.921	288.307
FRADES	925	766	838	253.478	236.430
MESÍA	1.068	884	948	249.635	236.143
ORDES	3.725	3.773	4.010	335.704	343.407
OROSO	1.003	936	1.073	277.816	279.030
TORDOIA	1.482	1.188	1.366	281.382	263.694
TRAZO	1.217	1.017	1.102	279.019	272.760
VAL DO DUBRA	1.621	1.411	1.536	286.647	287.895
TOTAL	12.987	11.718	12.742	289.116	288.798
MEDIA COMARCAL				289.116	288.798
MEDIA PROVINCIAL				372.663	376.276
MEDIA REXIONAL				360.444	360.012



MAPA 15

para-las medias por habitante da provincia e rexión. Ordes ten o valor máis elevado dentro da Comarca, polo seu maior desenvolvemento económico nas actividades secundarias e terciarias. Cerceda, Val do Dubra e Orosa séguenlle en importancia e son, xunto con Ordes, os únicos onde se rexistrou un aumento de renda no período analizado. Os restantes municipios, e a xulgar por este indicador, teñen un desenvolvemento económico menor.

5.8.- SÍNTESE DA CALIDADE DE VIDA

Resumindo os datos analizados, chégase ás seguintes conclusións:

- En gran parte dos indicadores, a Comarca posúe uns valores inferiores á rexión e, sobre todo, á provincia.
- Ordes é o municipio onde se observa unha maior calidade de vida, aínda que reco-

llendo a opinión dos Cuestionarios de Recoñecemento Territorial considérase “acceptable” en Cerceda, Oroso e Val do Dubra. O resto da Comarca presenta uns niveis baixos.

- Os déficits máis importantes detectados refírense a:

- 1.- Estradas en mal estado de conservación, sobre todo aquelas que deben articular internamente o espazo comarcal e mellora-la comunicación co centro comarcal de Ordes.
- 2.- Mal estado de conservación de moitas vivendas rurais.
- 3.- Necesidade de planeamento urbano especialmente en Ordes, clasificado coma municipio de complexidade urbanística.
- 4.- Necesidade de centros e programas de tipo social, terceira idade e xuventude.
- 5.- Precariedade e incluso inexistencia do servizo de recollida de lixo.
- 6.- Escasa adecuación sanitaria do mata-doiro da Comarca.

6.- SÍNTESE FUNCIONAL DA COMARCA

Trala análise pormenorizada do territorio, nos aspectos demográfico e socioeconómico, a situación de conxunto da Comarca vén reflexada por medio da aplicación dunha serie de variables absolutas, resultado da suma de catro índices que inclúen, á súa vez, un elevado número de variables parciais.

Os catro índices mencionados son: o socioeconómico, o de renda, o de ingresos por habitante e o de infraestructuras e servizos. Da súa consideración global despréndese que: a Comarca, en conxunto, non ten unha situación

deficitaria con respecto a Galicia, salvo nas variables socioeconómica e de renda, e máis deficitaria en infraestructuras (sobre todo en estradas e equipamento local) e en ingresos por habitante. Internamente hai diferencias notorias entre os municipios: Ordes e Oroso son os de situación máis favorable; Tordoia, Cerceda e Val do Dubra sitúanse nunha posición intermedia; e Mesía, Frades e Trazo nos niveis máis baixos, segundo estes índices, máis o sistema productivo rural é máis favorable en Mesía e Frades ca nos demais municipios⁴.

⁴ O índice socioeconómico inclúe as seguintes variables: xuventude, envellecemento, densidade, emprego non agrario e paro. Os valores negativos indican unha situación de escaso desenvolvemento. Este caso non se dá na Comarca, como conxunto, nin en ningún dos concellos de modo individual. Aínda que o envellecemento é importante e o emprego non agrario só destaca en zonas moi restrinxidas, estes aspectos negativos (no aspecto de desenvolvemento) contrástanse cun baixo índice de paro (debido á importancia do subemprego agrario).

O índice de renda inclúe as seguintes variables: número de licencias comerciais (alimenticias e resto), número de camiións, número de entidades bancarias e de aforro, número de teléfonos e facturación telefónica (todo isto ponderado coa poboación). A Comarca está por debaixo da media rexional. A situación máis favorable tena Ordes e Oroso, xa que son os centros que concentran a maior actividade. Os restantes están por debaixo da media comarcal ó centralizar menor cantidade de actividade económica.

O índice de ingresos por habitante e renda sinala que a Comarca atópase nunha posición deficitaria con respecto á media de Galicia. No interior da Comarca só teñen unha posición favorable (sobre a media comarcal) Ordes e Val do Dubra, mentres Cerceda sitúase nun valor medio. Noutro extremo está Trazo, cun valor moi baixo.

O índice de Infraestructuras e Servizos é o sumatorio de tres compoñentes:

a) Equipamentos colectivos: inclúense os centros educativos de nivel básico (preescolar e EXB) e os sanitarios.


b) Índice de comunicacións: para a súa elaboración consideráronse as estradas con determinadas características (ancho, tipo de firme), ademais da situación da Comarca en canto á recepción de radio e TV.


c) Infraestructuras: este índice resulta da cuantificación do estado de infraestructuras básicas como a rede de alcantarillado, o servizo de iluminación pública, as deficiencias de pavimentación no solo urbano, a limpeza e recollida de lixo, o acceso ós núcleos e a distribución de auga potable. O cálculo -como en casos anteriores- pondérase coa poboación o coas vivendas afectadas.

A integración destes índices permite establecer as diferencias internas do territorio, detallando posibilidades e déficits. O resultado, que é a Síntese Funcional dos Concellos, preséntase no seguinte esquema.


CADRO 64. SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS

Á vista do analizado, compréndese que os municipios teñan un distinto tipo de evolución, con factores positivos fronte a debilidades socioeconómicas que deben subsanarse para un desenvolvemento equilibrado da comarca. A situación é a seguinte:





SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS



MAPA 16

7.- RECOMENDACIÓNS E CUESTIÓNS A DESENVOLVER

O futuro desenvolvemento da Comarca poderase canalizar a través dos seguintes factores, que imos estruturar por sectores económicos:

a) Sector Primario

- No sector primario hai unha clara especialización gandeira (láctea e cárnica), que conviria adaptar ás circunstancias actuais do mercado, tendo moi en conta as súas posibilidades no marco europeo (PAC).
- Outro tanto pódese dicir da dedicación á horticultura e a fruticultura, de cara ós mercados urbanos próximos porque poden supoñer un recurso importante (o morango e o champiñón, por exemplo).
- A explotación forestal é básica para este sector económico; mais para iso sería necesario fomenta-la repoboación forestal e a concentración dos montes, e tamén as fórmulas de asociacionismo. Calquera medida deste tipo hai que estruturala tendo en conta o Plan Forestal Galego.
- Un certame de grande interese na Comarca é a Feira do gando saneado, EXPO-FEGASA, en Ordes, que sería necesario potenciar, creando as instalacións adecua-

das e a lonxa de contratación. Poderíase converter nunha feira de ámbito provincial ou, incluso, para o Norte de Galicia.

b) Sector Secundario

No desenvolvemento do sector secundario hai un punto de arranque positivo, debido á existencia dunha certa estrutura empresarial, de carácter endógeno, especializada en minería, cerámica, material de construción, transformación de madeira e confección. A cercanía a dous aeroportos, ó porto da Coruña e a situación entre A Coruña e Santiago son factores positivos para a industrialización e para o establecemento de empresas de distribución.

Un feito importante é que o futuro Parque Empresarial reúna condicións de calidade para permiti-la ubicación de industrias modernas e outras que demanden solo industrial de calidade.

c) Sector Terciario

En canto ó sector terciario hai que sinalar un feito importante. A Comarca conta cun umbral de poboación suficiente para xustificar unha descentralización de servizos, tanto administrativos coma sanitarios ou sociais. O

centro máis adecuado para a súa acollida é Ordes. A súa situación e accesibilidade convértese en vantaxes diferenciais na Comarca.

- Na promoción de actividades turísticas, hai que destaca-la atracción que cara a Comarca supoñería o Circuito de Alta Velocidade de Cerceda.
- A adecuación do Camiño Inglés, no sentido sinalado, é unha alternativa prioritaria. Igualmente pode ser de interese crealo itinerario local proposto.
- Unha das claves fundamentais para o desenvolvemento é a formación profesional dos xoves, de acordo coa demanda e aptitudes da Comarca, isto terase en conta ó deseña-lo perfil educativo dos Centros de F.P.
- Para a integración interna da Comarca precisase a mellora de estradas transver-

sais que comunican Ordes con Val do Dubra e Cerceda. Así mesmo, dada a relación da Comarca con Carballo e a importancia crecente deste centro, sería necesario potencia-la vía entre Ordes e Carballo, que no plan de estradas da Xunta contémpase coma "vía primaria complementaria" e quizais debería ser "vía primaria básica". Por último, no referente á N-550 hai que sinala-la conveniencia da circunvalación de Ordes, e a ampliación en canto ó ancho e ó trazado da calzada, sobre todo en Herves (Carral).

Así mesmo, e para mellora-la calidade de vida, é necesario consolida-la estrutura urbana dos núcleos maiores (Ordes e Sigüeiro). Tamén é necesario completa-los niveis dotacionais mínimos dos municipios peor equipados.